



PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL CURSO 2021-22

ÍNDICE	Páxina
1- Datos do centro	3
2- Profesorado adscrito	3
3- Persoal non docente	3
4- Obxectivos para o curso académico 2021-2022	4
5- Organización pedagóxica	9
5.1- Adscrición do profesorado. Órganos de coordinación docente e coordinacións	
5.2- Agrupamentos do alumnado	
5.3- Número de alumnado a principio de curso	
5.4- Situación das instalacións e do equipamento	
6- Horario xeral do centro e criterios pedagóxicos para a súa elaboración	16
6.1- Horario xeral do centro	
6.2- Horario do equipo directivo	
6.3- Horario de atención ANPA	
6.4- Criterios pedagóxicos para a elaboración dos horarios	
6.5- Horario quendas de transporte	
6.6- Quendas de profesorado encargado da vixilancia nos recreos	
6.7- Quendas de profesorado encargado de garda de tarde	
6.8- Tarefas do profesorado de garda	
7- Programación e calendario das reunións dos órganos de goberno e coordinación docente	21



8- Programa anual de actividades complementarias e extraescolares	22
8.1- Actividades complementarias	
8.2- Actividades extraescolares	
9- Plan de atención educativa e valores sociais e cívicos	22
10-Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares	24
11-Proxecto lingüístico do centro	24
12- Proxecto de Formación Permanente do Profesorado	27
13-Proxecto Voz Natura	28
14-Política de deberes escolares	28
15-Estratexias metodolóxicas e organizativas de atención ao alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo	28
15.1.- Determinación dos criterios para a organización e distribución dos recursos e a aplicación das medidas propostas	29
16-Plan de realización do transporte escolar. Regulamento de organización do servizo de comedor escolar. Servizo madruga e ludoteca.	30-34
17-Plan de autoprotección do centro	30-34
18-Plan de organización e coordinación das tarefas do persoal non docente	30-34
19- Plan para a potenciación e organización das relacións coa comunidade e a familia	35-39
20- Plan para mellora da convivencia no centro	35-39
21-Avaliación dos aspectos pedagóxicos e funcionais do centro	39
22-Avaliacións externas ao centro	40
23-Solicitud de días non lectivos	40
24-Plan xeral de atención á diversidade	41-55



ANEXOS-CUESTIONARIOS	55-89
ANEXOS PXA	90
Anexo I – Plan de actividades do departamento de orientación	
Anexo II – Plan lingüístico do centro	
Anexo III – Plan Anual de Lectura	
Anexo IV – Horarios	
Anexo V – Cadro Gardas de tarde	
Anexo VI – Libros de Texto	

1. **DATOS DO CEIP PLURINGÜE O RAMO.**

Nome: CEIP Plurilingüe O Ramo.

Código: 15020982

CIF: Q6555528-F

Enderezo: Rúa Pablo Ares Feal, 28. 15528, Barallobre, Fene.

Teléfono: 881930137 - 881930138.

Web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceiporamo/>

2. **PROFESORADO ADSCRITO AO CENTRO.**

Educación Infantil: 3 mestras e 1 de apoio.

Educación Primaria: 5 mestras con praza definitiva e 1 mestra interina.

Educación Musical: 1 mestre definitivo.

Educación Física: 1 mestre definitivo.

Lingua Estranxeira: 1 mestra definitiva

Relixión: 1 mestra compartida con outros centros e centro base O Ramo.

Xefe do Departamento de Orientación: 1 mestra en comisión de servizos.

Pedagogía Terapéutica: 1 mestra con praza definitiva e 1 mestra compartida con centro base CPI A Xunqueira.

Audición e Linguaxe: 1 mestra definitiva compartida con outro centro e centro base O Ramo.

3. **PERSOAL NON DOCENTE.**

Conserxe: 1 subalterno dependente do concello.

Auxiliar Educativo: 1 auxiliar técnico educativo en atención a alumnado con discapacidade motora grave e permanente.

Auxiliar de Conversa: adxudicouse 1 auxiliar compartida con CEIP Plurilingüe Os Casais.

4.

OBXECTIVOS PARA O CURSO ACADÉMICO 2021/22.

Obxectivos Xerais do Equipo Directivo:

- Mellorar e potenciar as estruturas verticais e horizontais do centro educativo.
- Dinamizar e desenvolver as coordinacións dos distintos órganos do centro: Claustro, CCP, Departamentos e equipos, sen esquecer o Consello Escolar estimulando a súa participación na vida da escola.
- Estimular e facilitar a formación e información do profesorado, familias e alumnado en xeral, a través de temas que lles competan e estimulen.
- Fomentar unha escola de calidade que promova a inclusión educativa e social de xeito activo con: xornadas, actividades...
- Promover a utilización das TIC no centro como facilitadores do proceso de ensino-aprendizaxe, buscadores e creadores de coñecemento, e vías de comunicación.
- Promover unha ANPA activa e participativa con fluidez de relacións coa escola.
- Estimular a relación, intercambio de comunicación e traballo conxunto coas asociacións e profesionais que interveñen na vida dalgúns dos nosos alumnos con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE).
- Estimular as boas relacións cos centros da contorna mais próxima e da comarca de Ferrolterra en xeral.
- Estimular o coñecemento e respecto do medio mais próximo así coma o contacto co mesmo e promoción de hábitos de vida saudables promovendo: programas coma Voz Natura.

Cara ao alumnado:

- Promover unha educación integral, tendo en conta as capacidades e potencialidades do noso alumnado, establecendo o caldo de cultivo no cal se asentem as competencias clave que lles axudarán a ser cidadáns activos que formarán parte da sociedade.
- Priorizar unha educación inclusiva, onde cada alumno individualmente forma parte da escola e crea un conxunto único, rico e irrepetible.



- Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e de mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade.
- Desenvolver e potenciar no alumnado o desenvolvemento das competencias clave.
- Axustar o proceso de ensinanza ao desenvolvemento competencial e psicolóxico do alumnado.
- Achegar a nosa lingua aos nenos e nenas máis pequenos, promovendo paralelamente a alfabetización e escolarización en galego dende a incorporación dos alumnos en educación infantil.
- Estimular, partindo das nosas linguas oficiais, a aprendizaxe da lingua inglesa.
- Orientar ao alumnado na adquisición de hábitos de vida saudables e explicar o perigo que entraña a adopción de estilos de vida non saudables nocivos (consumo de substancias, mala nutrición...).
- Priorizar na nosa acción educativa o desenvolvemento de hábitos de vida saudables nos alumnos, que teña como eixo: realización de actividade física diaria e o coidado e concienciación dunha boa alimentación.
- Fomentar a actividade deportiva na vida do centro, como factor clave de aprendizaxe e de desenvolvemento da saúde mental.

Cara a **escola** coma organización:

- Potenciar as estruturas verticais e horizontais do centro, fomentando a coordinación e coherencia educativa entre o profesorado do noso centro e respecto dos IES que temos adscritos.
- Impulsar a coordinación coas Escolas Infantís da contorna e de onde proveñan o noso alumnado de infantil, establecendo programas que melloren o coñecemento das súas características, acondicionen



positivamente o seu período de adaptación e se establezan liñas de coherencia e traballo con estas escolas, na medida do posible.

- Favorecer a coordinación entre as etapas educativas do centro, e dos centros destinatarios do noso alumnado en etapas superiores.
- Adoptar medidas que favorezan a educación en igualdade entre ambos sexos (Art.9 da Lei 7/2004, do 16 de Xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes).
- Potenciar a prevención e detección temperá de Necesidades Específicas de Apoio Educativo entre o noso alumnado, acadando un desenvolvemento integral das súas potencialidades, e unha inclusión plena na escola e de cara á sociedade, sementando o xerme da convivencia.
- Fomentar un desenvolvemento plurilingüe pleno na nosa escola, potenciando a adquisición plena da lingua española, galega e inglesa, aproveitando os beneficios cognitivos que este feito aporta aos nosos alumnos.
- Estimular a resolución dos conflitos con diálogo e consenso, coa colaboración da comisión de convivencia do centro, baseándonos na Lei 4/2011 do 30 de xuño e o Decreto 8/2015 de 8 de xaneiro que desenvolve antedita lei.
- Fomentar unha estreita relación entre os distintos sectores da comunidade educativa, con reunións periódicas da directiva da ANPA e o Equipo directivo do Centro, para propoñer actuacións conxuntas dos distintos sectores que forman parte da Comunidade Educativa e levar a cabo conxuntamente as actividades propostas.
- Dinamizar a biblioteca escolar como faro de coñecemento e luminaria no proceso de ensino dos mestres e mestras e de aprendizaxe dos alumnos e alumnas.
- Seguir desenvolvendo o PLAMBE, para adquirir os positivos froitos educativos que ata o de agora nos está a dar.



- Contar coa páxina web e certas redes sociais, como valiosos instrumentos, para a información e formación das familias, alumnos e profesorado do centro.
- Manter e perfeccionar a nosa TV educativa, " O Ramo producións" coma elemento motivador e de contribución importante ao proceso de aprendizaxe dos nosos nenos e nenas.
- Implementar o traballo por proxectos, especialmente na etapa de educación infantil como xerme dun cambio metodolóxico educativo eficaz que mellore: dunha parte, o benestar do alumnado na escola e doutra, os índices de calidade educativa e os resultados.
- Introducir a robótica de xeito transversal, coma elemento motivador e de traballo de: coñecemento de linguaxes diferentes ás convencionais, coma a programación e traballo de elementos espaciais, planificación e montaxe.

Cara o **profesorado**, destacaríamos:

- Estimular a coordinación psicopedagóxica entre o profesorado, de feito que respectando a liberdade de cátedra de cada mestra/e e a heteroxeneidade de cada grupo e alumno, se siga unha liña educativa de calidade e que respecte a personalidade do centro.
- Estimular e potenciar a formación do profesorado nas novas prácticas educativas e nas tecnoloxías da información e comunicación.
- Fomentar o uso de metodoloxías activas e creativas e o traballo con recursos tecnolóxicos. Continuaremos co proxecto de vida activa e deportiva (MILLA) INCLÚE-T, EMOCIÓNA-T e EDUINNOVA ademais dunha liña de dixitalización.
- Fomentar o diálogo e intercambio de experiencias entre o profesorado do centro, favorecendo o enriquecemento da comunidade educativa.
- Fomentar o cumprimento e aplicación de directrices comúns acordadas no seo do claustro, para aumentar a eficacia do funcionamento do centro.



5. ORGANIZACIÓN PEDAGÓGICA

5.1. ADSCRICIÓN FUNCIONAL DO PROFESORADO. ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE E COORDINACIÓNS

A continuación faise unha relación dos membros de cada un dos órganos de coordinación docente e dos equipos de dinamización así coma a adscrición do profesorado aos diferentes niveis.

EQUIPO DIRECTIVO	
DIRECTORA	Noemí Carballo Cabo
XEFA DE ESTUDOS	Estefanía Calvo Rico
SECRETARIA	Ana Ramil Ferreiro

ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE: TITOR/A	
4º de EI	Mariana González Beceiro
5º de EI	Estefanía Calvo Rico
6º de EI	Nuria Romero González (sust. Antía Gómez)
Apoio EI	Teresa Barreira Salgad (sust. Estefanía Vázquez)
1º EP	María Aurea Mendoza Sánchez
2º EP	Alicia Mayobre Toimil/Basilio Freán Bernedo
3º EP	Miguel Gabeiras García
4º EP	María Josefa Berejio Aneiros
5º EP	Berta Catuxa Losada Rivas
6º EP	Lucía Rojo Iglesias



ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE: EQUIPOS DE CICLO		
CICLO	COORDINADORA	MEMBROS DO EQUIPO
EI	Teresa Barreira Salgado	Estefanía Calvo Rico, Nuria Romero e Mariana González Beceiro.
Representante 1º EP	María Aurea Mendoza	
Representante 2º EP	Alicia Mayobre/Basilio Freán	
Representante 3º EP	Miguel Gabeiras	
Representante 4º EP.	Cristina Couce (sust. María Josefa Bereijo)	
Representante 5º EP	Berta Catuxa Losada	
Representante 6º EP	Lucía Rojo Iglesias	
ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE: COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA		
DIRECTORA	Noemí Carballo Cabo	
COORDINADORA DE INFANTIL	Teresa Barreira Salgado	
REPRESENTANTES DE NIVELES EN PRIMARIA	Aurea Mendoza Sánchez, Ma Alicia Mayobre Toimil, María J. Bereijo Aneiros (sust. Cristina Couce), Berta Catuxa Losada Rivas, Lucía Rojo Iglesias e Miguel Gabeiras.	
COORDINADORA DE EDNLG	Berta Catuxa Losada Rivas	
COORDINADOR DA BIBLIOTECA	Miguel Gabeiras García	
ORIENTADORA	Noemí Carballo Cabo (Xefa do Departamento de Orientación).	
PT	Rebeca Blanco Carpente Diana Iglesias López	
AL	Carolina Del Río Dáz	



XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA.

C.E.I.P. Plurilingüe O RAMO

Pablo Anes Feal, 28, 15528 Barallobre-Fene (A Coruña) - T: 881930137 / 881930138. NIF: Q6555528F
correo: ceip.oramo@edu.xunta.es web: <http://www.edu.xunta.es/centros/ceiporamo/>



SECRETARIO CCP	Miguel Gabeiras García
-----------------------	------------------------



ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE:	
EQUIPO DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS	
COORDINADORA: Lucía Rojo Iglesias	Nuria Romero González, Estefanía Calvo Rico e Mariana González Beceiro.

ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE:	
EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA	
COORDINADORA Berta Catuxa Losada Rivas	Teresa Barreira Salgado, María Aurea Mendoza Sánchez e Carolina Del Río Díaz.

EQUIPO TIC	
COORDINADOR Antón Añón Sanz	María Francisca López Magán, María Bereijo Aneiros, Alicia Mayobre Toimil.

DINAMIZACIÓN BIBLIOTECA	
COORDINADOR Miguel Gabeiras García	Rebeca Blanco Carpentre, Emilio Marcos Muñoz e Ana Ramil Ferreiro.



DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN	
XEFA DO DEPARTAMENTO	Noemí Carballo Cabo
MESTRAS DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA	Rebeca Blanco Carpenle Diana Iglesias López
MESTRA DE AUDICIÓN E LINGUAXE	Carolina Del Río Díaz
COORDINADORA DE INFANTIL	Teresa Barreira Salgado
REPRESENTANTE DO NIVEL DE 1º de EP	Aurea Mendoza Sánchez
REPRESENTANTE DO NIVEL DE 2º de EP	Alicia Mayobre Toimil
REPRESENTANTE DO NIVEL DE 3º de EP	Miguel Gabeiras García
REPRESENTANTE DO NIVEL DE 4º de EP	María Josefa Bereijo
REPRESENTANTE DO NIVEL DE 5º de EP	Berta Catuxa Losada Rivas
REPRESENTANTE DO NIVEL DE 6º de EP	Lucía Rojo Iglesias

5.2. AGRUPAMENTO DO ALUMNADO.

- 1 grupo de 4º de Educación infantil.
- 1 grupo de 5º de Educación Infantil.
- 1 grupo de 6º de Educación Infantil.
- Apoio de Educación Infantil.
- 1 grupo de 1º de Educación Primaria.
- 1 grupo de 2º de Educación Primaria.
- 1 grupo de 3º de Educación Primaria
- 1 grupo de 4º de Educación Primaria.
- 1 grupo de 5º de Educación Primaria.
- 1 grupo de 6º de Educación Primaria

Este ano, debido á estabilidade da matrícula do centro, podemos seguir contando cun titor por cada nivel/curso, o cal mellora a calidade do proceso de ensinanza e aprendizaxe, e cos especialistas dos que dispoñemos poder impartir plenamente as especialidades e contar con apoios que melloran a atención en aula.

En catálogo temos recoñecidos catro especialistas de educación infantil e cinco titores de primaria e un da especialidade de francés (titora), o que permite contar cunha maior estabilidade e darlle certa continuidade ao traballo.

Por outra banda, o aumento de alumnado nestes últimos cursos fixo que se incrementase o número de alumnos con necesidades específicas de apoio educativo. A día de hoxe contamos con dúas mestras especialistas en Pedagogía Terapéutica (unha a tempo completo e outra compartida co CPI A Xunqueira), que asiste ao noso centro dous días á semana. Tamén contamos cunha mestra especialista en Audición e Linguaxe tres días á semana e cunha auxiliar técnico educativa, a tempo completo. O curso pasado 40 alumnos foron obxecto de intervención de Audición e Linguaxe e de Pedagogía Terapéutica. A previsión para este curso é maior. Para atender a todos estes casos e ofrecerles unha intervención que dea resposta ás súas necesidades, precisaríamos contar con máis mestres especialistas en pedagogía terapéutica (PT).

5.3. NÚMERO DE ALUMNADO A PRINCIPIO DE CURSO: 149 ALUMNOS

Curso	Nº de alumnos
Ed. Infantil 3 anos	17
Ed. Infantil 4 anos	12
Ed. Infantil 5 anos	17
1º de Ed. Primaria	21
2º de Ed. Primaria	16
3º de Ed. Primaria	16
4º de Ed. Primaria	13
5º de Ed. Primaria	20
6º de Ed. Primaria	17



5.4. SITUACIÓN DAS INSTALACIÓN E DO EQUIPAMENTO.

No mes de setembro o Concello levou a cabo o pintado das aulas de 1 e 2 de primaria e do fondo do salón de actos (fondo negro), o centro precisaría das seguintes obras de mantemento e renovación para contar cunhas instalacións óptimas para o servizo educativo:

- Reposición de fiestras, persianas e porta de entrada principal para unha mellor seguridade, estanquidade térmica e eficiencia enerxética. A oficina técnica da xefatura territorial en correo electrónico ao centro en xuño 2021 indicou que estarían incluídas no próximo orzamento para a súa execución.
- Substitución da caldeira existente por unha instalación que funcione adecuadamente e cumpra a normativa vixente.
- Pintado interior do centro educativo: aulas de primaria principalmente, audiovisuais, inglés, ximnasio, música anexo, relixión, almacén e plástica.
- Renovación de carpinterías: portas e carpinterías interior aulas (armarios, estanterías...)
- Reforma integral do local da conserxería en situación insalubre (humidades e fungos)
- Reforma integral de todos os sanitarios, incluído o sanitario para persoas con necesidades especiais. En xeral presentan un elevado deterioro e carecen dos todos os elementos necesarios para un servizo de hixiene autónomo polos/as alumnas/os.
- Revestemento acústico da aula de música para dotala da sonorización necesaria.
- Renovación do ximnasio do semisoto que carece dun drenaxe e impermeabilización adecuada que permita o seu uso, pois se atopa pechado por risco de esbaramentos.
- Impermeabilización exterior que actualmente se atopa en estado deficiente e provoca a aparición de humidades nos espazos interiores (ludoteca, biblioteca, salón de actos...).
- Renovación do patio de butacas do salón de actos con tapizado en mal



estado e pouco hixiénico que limita a súa limpeza.

- Remodelación do comedor escolar: revestimentos, mobiliario... Mellora do acceso ao comedor que actualmente se realiza por un corredor estreito a través do salón de actos que incumpre a normativa de accesibilidade.
- Melloras no acceso ao centro escolar: necesidade de máis prazas de aparcadoiro na rúa Pablo Ares Feal, paso peonil e diferenciado para peóns no acceso aos aparcadoiros.
- Dotación dun punto limpo escolar (Ax 21 EG).

6. HORARIO XERAL DO CENTRO E CRITERIOS PEDAGÓXICOS PARA A SÚA ELABORACIÓN.

6.1. HORARIO XERAL DO CENTRO.

- De luns a venres de 9:15hs a 14:30hs.
- Os luns pola tarde no horario de 16:00 a 19:00 permanecerá todo o profesorado no centro.

De acordo co calendario escolar, as clases deron comezo o día 9 de setembro de 2021 e rematarán o día 22 de xuño de 2022.

HORARIO DE ATENCIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
DIRECCIÓN	09:30hs- 10:25hs	09:30hs- 10:25hs	09:30hs- 10:25hs	09:30hs- 10:25hs	9:30hs- 10:25hs
XEFATURA DE ESTUDOS	13:00hs- 13:45hs	10:25hs- 11:15hs	13:00hs- 13:45hs	10:25hs- 11:15hs	10:25hs- 11:15hs
SECRETARÍA		13:00 a 13:45hs	9:30- 10:25/13:00- 13:45hs	13:45- 14:30hs	13:00hs- 13:45hs

6.2. HORARIO DE ATENCIÓN DA ANPA

Debido á situación da pandemia, a atención por parte da ANPA aos seus socios/as, será de xeito telemático e previa cita a través do seu correo electrónico anpaceiporamo@gmail.com.

6.3. CRITERIOS PEDAGÓXICOS PARA A ELABORACIÓN DOS HORARIOS

Para a realización dos horarios tivéronse en conta os seguintes aspectos:

- Profesorado itinerante.
- Programáronse apoios para promover e mellorar a calidade educativa no centro.
- Manter polo menos unha persoa en cada sesión do horario para facer gardas.
- Facer un reparto equitativo de tarefas e de horas de garda.
- Que os membros do equipo de biblioteca dispoñan tempo suficiente para o seu bo funcionamento, de acordo coa instrución da última circular de dinamización de bibliotecas e do establecido no Decreto 105/2014 que establece o currículo da Educación Primaria e inclúe a biblioteca como faro de coñecemento do centro.
- Para facer máis efectivo o uso da biblioteca establecerase un horario. Cada mestre deberá marcar nel a sesión ou sesións nas que lle interese facer uso destes espazos.

6.4. HORARIO DE CADA CLASE E DE CADA MESTRE

Os horarios do profesorado recóllense no Anexo IV desta programación.



6.5. HORARIO QUENDAS DE TRANSPORTE

GARDA DE ENTRADA Recepción e acompañamento do alumnado á chegada ao centro					
	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
1ª persoa (entrada EI)	TERESA	TERESA	TERESA	TERESA	TERESA
2ª persoa	EMILIO	EMILIO	EMILIO	EMILIO	EMILIO
3ª persoa (pavillón)	REBECA	REBECA	CAROL	REBECA	CAROL
4ª persoa (entrada patio cuberto)	NOEMÍ	NOEMÍ	NOEMÍ	NOEMÍ	NOEMÍ

As 2 primeiras persoas do cadro de gardas esperarán no portalón de entrada de vehículos a que cheguen os autobuses.

- 1ª persoa: Baixa aos nenos/as de infantil do primeiro bus, os deixa na súa zona e volve a subir para axudar a baixar aos nenos de infantil do segundo bus.
- 2ª persoa: Baixa aos nenos/as de Primaria do primeiro bus e diríxese aos círculos de Primaria, onde queda vixiando.
- 3ª persoa: Sitúase na porta de abaixo (Galiña azul). Despois axuda a tomar temperaturas na entrada de Primaria e á hixiene de mans.
- 4ª persoa: Sitúase na entrada de Primaria do patio cuberto. Vixía os círculos ata a hora de entrada, momento no que toma a temperatura e garante a hixiene de mans.



SAÍDAS					
	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
1ª persoa	EMILIO	EMILIO	EMILIO	EMILIO	EMILIO
2ª persoa	ANTÓN	NOEMÍ	ANTÓN	NOEMÍ	ANA
3ª persoa	TERE	TERE	TERE	FRANCIS	TERE

- 1ª e 2ª persoa: esperan aos nenos e nenas de transporte na entrada do edificio ás 14:20. Cando van chegando, soben con eles ata a zona do autobús.
- 3ª persoa: entrega aos nenos e nenas da súa última clase e, posteriormente, únese a axudar no transporte.

6.6 QUENDAS DE PROFESORES ENCARGADOS DA VIXILANCIA DOS RECREOS.

ZONAS	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
BIBLIOTECA	EMILIO	ANA	MIGUEL	MIGUEL	REBECA
CAMPO DE FÚTBOL	REBECA AURI	CRIS LUCÍA	REBECA ANTÓN	EMILIO AURI	AURI ANA
PATIO DIANTEIRO	MIGUEL	AURI	CATU	ALICIA	LUCÍA
PATIO XOGOS EI	11:30-12 MARIANA 12:10- 12:40 TERE ANTÓN	11:30-12 MARIANA 12:10- 12:40 TERE FANI ANTÍA	11:30-12 TERE 12:10- 12:40 ANTÍA FANI	11:30-12 MARIANA 12:10- 12:40 TERE ANTÍA	11:30-12 TERE 12:10- 12:40 FANI EMILIO
POLIDEPORTIVO	CRIS LUCÍA	ALICIA MIGUEL	CAROL CRIS	FRANCIS DIANA	CAROL CATU
CUARTO DE BAÑO	NOEMÍ	ANTÓN	NOEMÍ	NOEMÍ	NOEMÍ

6.7 QUENDAS DE PROFESORADO ENCARGADO DAS GARDAS DE TARDE.

O cadro de gardas de tarde aparece recollido no Anexo V.

6.8 TAREFAS DO PROFESORADO DE GARDA

Recreos:

Os días nos que non chove as mestras e mestres deben ocupar o espazo asignado no cadro de gardas de recreos. Hai unha persoa por grupo de convivencia. Seguindo o protocolo, tamén está unha persoa de garda no cuarto de baño.

En días de chuvia, os grupos de Primaria aos que lles toca unha zona cuberta poden ir a ela, os outros tres grupos quedan na aula co profesorado de garda. En caso de Infantil, o grupo que ese día utilizou a aula de psicomotricidade pode facer uso dela durante ese día de chuvia, os outros dous grupos deben quedar na súa aula.

Gardas de substitución:

O profesorado de garda deberá de estar pendente de si ten que substituír. Esta información aparecerá recollida no taboleiro da sala de mestres/as.

As gardas deberán facerse na sala de profesores, agás cando hai dous profesores e un deles pertenza ao equipo de biblioteca, este poderá facer a garda na biblioteca cumprindo funcións/accións propias desta.

Hora de ler:

Será realizada polo mestre asignado no horario, co grupo despois do recreo. Este tempo destinarase á lectura e non a outros fins. En ocasións puntuais o equipo de biblioteca poderá realizar actividades de dinamización lectora neste tempo: sesións de contacontos, charlas, apadriñamentos lectores



7. PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DAS REUNIÓN DOS ÓRGANOS DE GOBERNO E DE COORDINACIÓN DOCENTE.

A planificación das reunións dos luns pola tarde será a seguinte:

	16:00 a 17:00	17:00 a 19:00/ REUNIÓN
1º LUNS	TRABALLO PERSOAL	DINAMIZACIÓN BIBLIOTECA EDLG
2º LUNS	TRABALLO PERSOAL	CLAUSTRO D.O
3º LUNS	TRABALLO PERSOAL	C.C.P REUNIÓN CICLO/NIVEL
4º LUNS	TRABALLO PERSOAL	AAEECC TICS

O calendario de traballo estará sometido ás variacións derivadas de necesidades organizativas. Debido a situación da pandemia, as reunións e as titorías de pais, serán levadas a cabo a través de videochamada ou telefonicamente, previa cita co titor/a. En situacións excepcións e sempre e cando o obxecto da reunión o requira, poderanse realizar reunións presenciais. Ademais do programado, os claustros e consellos marcaranse en función das necesidades do centro.

Co fin de tratar asuntos de interese para todo o profesorado, fixaranse reunións ordinarias cando a dirección do centro o considere oportuno.

Vendo a experiencia positiva de anos anteriores, co fin de optimizar tempo e recursos, as reunións da biblioteca e do equipo de dinamización lingüística serán conxuntas.

Darase a todo o equipo de mestres, antes de cada mes, un planning e horario de todas as reunións programadas polo equipo directivo para o mes vindeiro.

As quendas dos luns pola tarde realizaranse de 16hs a 19hs.

8 PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

E EXTRAESCOLARES

8.1. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS.

As actividades complementarias son confeccionadas polo Equipo de AACCEE do centro, e este curso, de facerse algunha actividade, serán sempre mantendo distancia e seguridade, para evitar posibles gromos. Planificaranse saídas, sempre que sexa viable, tendo en conta as medidas de seguridade e hixiene, establecidas no plan de adaptación do protocolo Covid-19, elaborado no noso centro. A decisión sobre a realización de saídas na aula será sempre decisión última do titor correspondente. Dito equipo, colaborará co de biblioteca, non só cas súas achegas senón tamén axudando na elaboración das diferentes actividades que se poidan levar a cabo, nos diferentes "grupos estables".

8.2. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

As actividades extraescolares logo da proposta realizada pola ANPA O Ramo -xestora de ditas actividades nos cursos anteriores- non foi aprobada polo Consello Escolar do 16 de setembro de 2021, polo que este ano non se celebrarán actividades extraescolares nas instalacións do centro escolar.

9 PLAN DE ATENCIÓN EDUCATIVA e VALORES SOCIAIS E CÍVICOS.

A atención educativa en EI e os Valores Sociais e Cívicos impartirase no centro polos seguintes mestres:

- Ed. Infantil: Emilio Marcos Muñoz
- 1º de Ed. Primaria: Emilio Marcos Muñoz
- 2º de Ed. Primaria: Emilio Marcos Muñoz
- 3º de Ed. Primaria: Emilio Marcos Muñoz
- 4º de Ed. Primaria: a titora do grupo.
- 5º de Ed. Primaria: a titora do grupo.
- 6º de Ed. Primaria: a titora do grupo.

Nas sesións de atención educativa traballaranse os seguintes aspectos:



- En Ed. Infantil: Educación en valores a través do xogo.
- 1º e 2º de Ed. Primaria: Educación Moral e Cívica, facendo especial fincapé nas normas e o traballo cooperativo.
- 3º e 4º de Ed. Primaria: Os valores e o desenvolvemento emocional do alumnado.
- 5º e 6º de Ed. Primaria: actividades de cohesión de grupo, competencias emocionais e hábitos e técnicas de estudo.



10 PLAN DE MELLORA DE BIBLIOTECAS ESCOLARES (PLAMBE).

Este curso 2021/2022 o centro escolar renovou a súa solicitude de participación no PLAMBE (Orde de 19 de abril de 2021) co que se incentivan e impulsan os proxectos levados a cabo na nosa biblioteca. De acordo á Orde 13 de agosto de 2021 recíbese unha asignación para fondos documentais.

Este plan conta cun profesor responsable da biblioteca escolar e un equipo de biblioteca para dedicación específica das tarefas derivadas do programa. Así mesmo, renovado o Consello Escolar nas elección convocadas este curso 2021/2022, formárase unha comisión de biblioteca no consello escolar para a sensibilización de todos os membros da comunidade escolar respecto a necesidade deste servizo.

11. PROXECTO DE PLURILINGÜISMO DO CENTRO.

O noso proxecto de programa plurilingüe, nace coa idea de que os nenos aprendan unha lingua estranxeira: inglés, dentro da escola, coma elemento do currículo, e a interioricen no seu desenvolvemento. Temos en conta que na sociedade actual pluricultural e tecnolóxica, debemos coma educadores fomentar o enriquecemento cultural e lingüístico do noso alumnado, onde a comprensión e dominio expresivo do inglés son pilar básico da formación do noso alumnado

a. OBXECTIVOS

i. Obxectivo xeral.

O obxectivo xeral da nosa sección plurilingüe é a de mellorar as competencias lingüísticas dos nosos alumnos bilingües (que pretendemos sexan plurilingües), e facilitar a súa inclusión e desenvolvemento plenos nunha sociedade plurilingüe e cultural.

ii. Obxectivos específicos.

- Promover o encontro cultural internacional e potenciar condutas a favor da tolerancia e respecto cara a outras culturas que sirvan, no seu coñecemento, para ademais de coñecerlas, valorar a cultura propia.
- Fomentar o emprego do inglés coma vehículo de comunicación fóra da clase de

lingua inglesa.

- Adquisición dun léxico básico en inglés, relacionado coa área de Educación Artística (en concreto na plástica) e a Educación Física, que permita o desenvolvemento dos obxectivos propios da área.
- Desenvolver actitudes de respecto e colaboración con grupos de raíz cultural diferente.

b. CONTIDOS.

Dentro dos contidos do noso programa coma centro plurilingüe destacaríamos:

- Vocabulario básico relacionado coas rutinas de organización da aula.
- Léxico específico da área de Educación Artística (Plástica en concreto) e Educación Física.
- Vocabulario básico entre alumnado para pedir materiais necesarios.
- Instrucións sinxelas relativas ás diferentes técnicas plásticas e de actividade física.
- Descrición de pasos básicos para a secuenciación das actividades.
- Textos sinxelos para explicar traballos, actividades...
- Utilización de novas tecnoloxías para realizar traballos e buscar información.

c. METODOLOXÍA

Esta basearase nos principios de: aprendizaxe significativo, aprender facendo tarefas significativas e motivadoras para o alumno, fomento da comunicación e exposición oral e dende a metodoloxía cooperativa, buscando a interacción e significatividade social nos traballos e fomentando o desenrolo individual de cada alumno e de grupo. O alumnado responsabilizarase de etiquetar o material en Inglés.

e. AVALIACIÓN.

A avaliación será continua e formativa tanto para o alumnado como para os mestres que impartirán a sección bilingüe.

Estableceranse os de avaliación para este proxecto:

- Avaliar o esforzo e interese do alumno pola tarefa de plástica, educación física e a lingua inglesa.
- Nivel de coñecemento da lingua inglesa.
- Grao de satisfacción da comunidade educativa.
- Grao de coordinación dos integrantes do programa (mestras que imparten plástica) e titoras dos distintos cursos.
- Entre outros que ao longo do curso poidan xurdir.



A valoración dos criterios determinados anteriormente realizaríase do seguinte xeito e cos seguintes instrumentos de avaliación:

- Probas orais e escritas, a finais de cada trimestre para comprobar a competencia en lingüística en lingua estranxeira.
- Traballos e proxectos realizados en plástica.
- Observación da expresión oral en lingua inglesa de xeito espontáneo.

f. RELACIÓN DE PROFESORADO QUE IMPARTIRÁ DOCENCIA RESPECTO A ESTE PROGRAMA

O profesorado participante neste programa, que impartirá a materia de plástica en lingua inglesa serán:

- 1º E.P.: Basilio Freán
 - 2º E.P.: Alicia Mayobre/Basilio Freán
 - 3º E.P.: Basilio Freán/Mª Alicia Mayobre Toimil
 - 4º E.P.: Antón Añón Sanz
 - 5º E.P.: Antón Añón Sanz
 - 6º E.P.: Antón Añón Sanz
- Contamos cunha auxiliar de conversa que apoia este programa, coa súa destreza na lingua inglesa, compartida con o CEIP Plurilingüe Os Casais.

11.PLAN ANUAL DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

Dentro do PFPP este curso continuaremos coa formación sobre "Escola inclusiva. Atención á diversidade". A maiores o proxecto de vida activa e deportiva, no cal se retoma a MILLA que xa viñamos desenvolvendo, levarase a cabo unha liña de dixitalización e un plan de mellora do centro, centrado na mellora da colaboración e coordinación cas familias.



12. PROXECTO VOZ NATURA

Este curso 2021/2022 o centro escolar tamén renova a súa participación no Programa Voz Natura ao que se incorpora como colaborador a ANPA O Ramo.

Con este proxecto preténdese que o alumnado e en xeral toda a comunidade educativa adquira unha ética ambiental para un adecuado comportamento co medio, recoñecendo os seus valores e a necesidade do seu coidado e respecto.

As actividades a realizar basearanse en traballos de investigación nas aulas, charlas e visualizacións que inviten á reflexión, o uso e coidado do invernadoiro, a participación en campañas de reciclaxe e recuperación de materiais, coñecemento do mundo vexetal e animal na contorna, limpeza da praia do Carril, etc.

13. POLITICA DEBERES ESCOLARES

Na nosa escola apostamos polos Deberes Escolares a partires de 3º de EP e ata 6º de EP, en 1º e 2º de EP, acordamos que se incorporen puntualmente, en casos xustificadas. Para aplicar os Deberes dun xeito regulado en Claustro de 24 de febreiro de 2015 (revisada en CCP en marzo de 2017), acordamos seguir os seguintes pasos, que expresamos nesta PXA:

- Se asignen deberes cara o comezo da clase.
- Se explique como facer a tarefa, incluíndo a provisión de exemplos e estratexias.
- Se ofrezca aos estudantes tempo para iniciar a tarefa na clase, e se comprobe a comprensión e se preste asistencia antes do final do período da mesma.
- Que as tarefas estean relacionadas explicitamente co traballo da clase.
- Se comunique claramente as expectativas para cada asignación.
- Se asignen tarefas axustadas ao nivel de desenvolvemento de cada alumno/a.
- Se limite a cantidade de tarefas asignadas.
- Se recoñeza a importancia de ofrecer feedback con correccións e comentarios.

14. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO.

Dentro do Plan Xeral de Atención á Diversidade contemplamos as seguintes



medidas de Atención á Diversidade:

- a) Estimular o *incremento da autonomía do alumnado e da súa competencia para aprender a aprender.*
- b) Promover a *mellora da atención do alumnado e do seu esforzo.*
- c) Fomentar o *incremento da competencia matemática do alumnado.*
- d) Organizar axeitadamente o axuste dos recursos educativos á realidade do alumnado.



15.1. DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS:

Coa finalidade de poñer en funcionamento e explotar o potencial das medidas propostas, establécense os seguintes criterios e programas que se desenvolverán ao longo do curso e están concretados no PXAD.

- a) Criterios para garantir a coordinación vertical e horizontal das programacións das diferentes áreas.
- b) Criterios para garantir a adaptación dos tempos e dos instrumentos de avaliación ás circunstancias do alumnado.
- c) Criterios para adaptar a distribución dos recursos humanos (profesorado) ao conxunto do alumnado.
- d) Criterios para a utilización dos servizos de apoio (PT e/ou AL):
Especificamos máis en profundidade a distribución dos apoios do profesorado de PT e AL, que cumprirá as seguintes prioridades:
 1. Atenderase a aquel alumnado con nee.
 2. Atenderase ao alumnado con neae, con diagnóstico emitido polos servizos sanitarios, atención temperá, asociacións sen ánimo de lucro...
 3. Atenderase ao alumnado obxecto dunha adaptación curricular significativa.
 4. Continuarase cos apoios realizados no curso anterior, priorizando de 2º a 6º.
 5. En educación infantil só se apoiará en casos graves, determinados no correspondente informe psicopedagóxico.
 6. Buscarase un apoio de calidade fronte a un de cantidade.
 7. O apoio será, salvo casos que necesiten unha terapia individual moi específica, dentro da aula ordinaria.
 8. Ao remate de cada curso, o profesorado de PT e/ou AL informará por escrito desas medidas, segundo o modelo de informe elaborado polo departamento de orientación.
- e) Criterios para a solicitude ou demanda dunha avaliación psicopedagóxica.
- f) Criterios para a acollida do profesorado e alumnado de nova incorporación.
- g) Identificación do alumnado con necesidade específica de apoio educativo (ANEAE) e das súas necesidades educativas.

- h) Criterios para o deseño dun modelo no que planificar as áreas dunha adaptación curricular.
- i) Criterios para a oferta de flexibilización ao alumnado con altas capacidades intelectuais e ao que presenta necesidades educativas especiais.
- Ademais concrétanse no PXAD as funcións de cada axente educativo, respecto a este plan: da orientadora, PT, AL, mestres titores, equipo directivo...

15. PLAN DE REALIZACIÓN DO TRANSPORTE ESCOLAR. REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR. SERVIZO MADRUGA E SERVIZO LUDOTECA.

a. TRANSPORTE ESCOLAR.

O CEIP Plurilingüe O Ramo conta con dúas liñas de transporte escolar, cun total de 78 usuarios:

- A liña que abrangue as paradas, primeira, Santiago, á última, O Feal, terá un total de 29 usuarios.
- A liña que abrangue as paradas, primeira, Piriño, á última, Aguilar, terá un total de 50 usuarios.

Ao comezo do curso, fíxoselle entrega ás coidadoras de transporte dos listados de alumnado de cada unha das rutas.

Como xa explicamos no punto referido a "Quendas de profesorado encargado das gardas de transporte escolar", as gardas de vixilancia de transporte, serán realizadas segundo o horario de quendas reflectido neste documento.

Así mesmo, a organización e normas a ter en conta ao realizar estas gardas aparecen no punto referido a "Tarefas do profesorado de garda".



b. SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR.

O noso comedor é de xestión indirecta, por parte da Consellería e é levado a cabo pola empresa EUREST adxudicada en concurso pola Consellería e que este curso 2021/2022 ten concedida a prórroga deste servizo. Contamos cun total de 62 comensais. Destacar a necesidade dunha dieta especial por cuestións de alerxias.

A máxima responsable do servizo de comedor no colexio é a Dirección do centro. Este curso contamos con 3 monitoras de comedor. Ampliarase o número en función das necesidades reais existentes. Ademais o comedor conta coa supervisión da directora, na calidade dos menús e boa marcha do servizo. Durante a prestación do servizo (ata as 16.00 horas) sempre hai profesorado de garda no colexio.

O servizo de comedor conta con protocolo propio elaborado pola Dirección e un protocolo COVID elaborado pola empresa (dispoñibles na páxina web do CEIP), así como unha comisión de comedor que vela pola comunicación entre todas as partes, o traballo conxunto e a prestación dun bo servizo.

Destacar as seguintes características do servizo:

1. O prezo do menú aboarase en función da renda familiar.
2. Os usuarios que por algún motivo non poidan asistir deberán comunicalo á dirección do centro ata o mesmo día, antes das 09:45hs. Tamén se facilitarán os menús mensuais para que os/as alumnos/as complementen na casa a dieta de forma equilibrada.
3. Aqueles nenos/as que precisen dietas especiais deberán achegar certificado médico con indicación da problemática que presenten.
4. A disposición das familias usuarias existen os correspondentes formularios de suxestións e queixas.

Funcións das monitoras de comedor escolar:

Ademais da imprescindible presenza física durante a prestación do servizo no seu conxunto, desenvolverá as seguintes funcións:

1. Cumprir co labor de coidado, atención educativa ao alumnado e apoio ás actividades establecidas de acordo co programa anual do servizo de comedor escolar.
2. Coordinar tarefas relativas á educación para a saúde, adquisición de hábitos sociais e unha correcta utilización e conservación do comedor.



3. Axudar aos alumnos e ás alumnas que, por idade ou necesidades asociadas a condicións persoais específicas de discapacidade, necesiten a colaboración e soporte dun adulto nas actividades de alimentación e aseo.
4. Informar ao equipo directivo do centro, de calquera incidencia relacionada co desenvolvemento do servizo de comedor.
5. Atención ao alumnado nos períodos de antes e despois do xantar, basicamente no exercicio e desenvolvemento de actividades programadas para eses períodos.



c. SERVIZO DE MADRUGADORES.

Este servizo madruga é xestionado pola ANPA O Ramo dentro do Programa da Deputación para conciliación familiar (FOIOOA) que subvenciona parte do seu custe. A empresa adxudicataria do servizo é TEMPUS que adecúa o número de monitorado ao alumnado asistente (a día de hoxe 1 monitor/10 alumnos-as). Conta con protocolo COVID propio de acordo á normativa vixente da Xunta de Galicia.

O servizo ten 25 prazas dispoñibles, sendo algúns usuarios de carácter puntual. Está dispoñible de 07:30 horas a 9:30 horas (momento de entrada ao centro). Ten un custo para as familias que o queiran utilizar, subvencionado pola Deputación da Coruña. Inclúe almorzo e coidado dos nenos fóra do horario escolar con actividades nas que se promoven os valores sociais e ambientais.

d. SERVIZO DE LUDOTECA

Este servizo tamén é xestionado pola ANPA O Ramo e pertence ao Programa da Deputación para conciliación familiar (FOIOOA). A apertura deste servizo está pendente dun número mínimo de asistentes que o fagan viable, momento no que se comezará a prestar en horario de 16.00 h a 17.30 h. A empresa adxudicataria tamén é TEMPUS e conta co correspondente protocolo COVID adecuado á normativa vixente da Xunta de Galicia.

Oferta 25 prazas e está dispoñible desde as 16.00 horas ata as 17.30 horas. Ten un custo para as familias subvencionado pola Deputación da Coruña. Conta cun programa educativo de actividades planificadas polo monitorado de temática diversa: artística, ambiental, musical, etc. con promoción de valores sociais e ambientais.

17-PLAN DE AUTOPROTECCIÓN DO CENTRO.

Fai tres cursos xestionouse co concello a modificación do plan de autoprotección do centro.

18-PLAN DE ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE.

O persoal non docente está formado pola conserxe que depende da empresa SEDEGA, contratada polo Concello de Fene e persoal de limpeza que pertencen a unha empresa privada e xestiona o persoal do concello. Ademais contamos cunha auxiliar técnico



educativa, que cumpre funcións atención de un alumno con NEE permanentes.

As funcións do conserxe e coidadora son as que establece a lexislación vixente.

Respecto as limpadoras teñen establecido as súas funcións dende o Concello de Fene, entidade que as contrata.

19- PLAN PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS COA COMUNIDADE E A FAMILIA

a. ORGANIZACIÓN DA INFORMACIÓN A PAIS E NAIS.

Ao inicio de curso realizouse unha reunión na que se convocou a tódolos pais/nais do noso alumnado de infantil, co fin de informalos dunha serie de normas de funcionamento xeral do centro que consideramos que deben saber para conseguir un bo funcionamento do mesmo.



Posteriormente tiveron lugar as xuntanzas cos respectivos titores/as de xeito presencial, nas que se lles aclararon de forma máis pormenorizada aspectos relacionados co funcionamento de cada clase.

Os horarios de titorías están establecidos todos os luns en horario de 16:00hs a 17:00hs de maneira telemática ou telefónica mediante previa cita, podendo establecer outros horarios de atención para as familias que o precisen.

Farase constar nestes boletíns trimestrais a relación de faltas de asistencia ou de puntualidade, xustificadas e sen xustificar.

b. REGULAMENTO DAS RELACIÓNS COA ANPA E DOS ACORDOS COA MESMA

Destácase coma obxectivo do Plan de Convivencia, a necesidade de potenciar as relacións e o estímulo do ANPA no centro. Neste curso, mentres a normativa hixiénico sanitaria aplicable ao centro por mor da pandemia non permita a entrada de familias ao centro, non haberá actividades conxuntas con elas; excepto aquelas debidamente reguladas como poden ser as eleccións ao Consello Escolar.

c. RELACIÓNS CON OUTRAS ENTIDADES E ORGANISMOS.

Participación en actividades organizadas polo Concello de Fene e outras institucións e organizacións que teñan como obxectivo o mellor desenvolvemento educativo do alumnado, sempre e cando se poidan manter as normas de hixiene e seguridade, establecidas no protocolo Covid.

20. PLAN PARA MELLORAR A CONVIVENCIA NO CENTRO.

Actualmente a convivencia está regulada na nosa escola no Plan de Convivencia e nas NOFC. Nunha organización sempre xorden conflitos e dificultades, que hai que abarcar con boa disposición e vontade e coa posibilidade de estruturar e protocolizar diversas actuacións no eido da convivencia que poidan xurdir.

Renovado o Consello Escolar, constituirase a nova comisión de convivencia, tal e coma establece o Decreto 8/2015, cuxa coordinación será levada a cabo pola Directora, para encauzar todos os acontecementos que neste eido poidan xurdir.



Propoñemos unha serie de medidas que poderán ser efectivas se todos os membros da comunidade escolar as coñecen, as respectan, e son conscientes da súa importancia para sentírmolos máis a gusto. Estas medidas favorecerán a convivencia, evitarán condutas non axeitadas, entradas e saídas irregulares nas aulas e no centro, interferencias na actividade docente e un maior respecto polos demais e polas instalacións.

Destacamos unha serie de aspectos importantes que se teñen en conta no Plan de Convivencia e modelo organizativo actual do centro:

- As entradas e saídas tanto para o transporte, como para os recreos, faranse do seguinte xeito:

- Educación Infantil (Alumnado da 1ª planta), polas escaleiras que dan á fachada principal (pegadas á Dirección).
- Alumnado de 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º de Primaria (Alumnado da 2ª planta), polas escaleiras que dan á porta do patio cuberto (pegadas a Conserxería).

As aulas de biblioteca, psicomotricidade, ximnasio e pavillón polideportivo, serán utilizadas seguindo un horario preestablecido polos profesores do Centro e que estará colocado nos taboleiros da sala de profesores e dirección. Ademais establécense medidas de seguridade e hixiene parao emprego das mesmas.

Fóra do horario escolar, as aulas permanecerán pechadas, así como no recreo e sempre que non estea o profesorado no interior.

Así mesmo se fará coas demais dependencias de servizos do centro. Cando se precise facer un uso destas instalacións o usuario responsabilizarase delas.

Mentres a normativa hixiénico sanitaria aplicable ao centro por mor da pandemia non permita, as familias neste curso 2021/2022 non poderán entrar ao centro educativo aagás infantil, que o farán ata a porta de entrada principal para acompañar aos seus fillos/as e sempre a mesma persoa, para evitar posibles contaxios)

Así mesmo e nas mesmas circunstancias legais, non está permitido:

- Saídas, entradas, subidas e baixadas atropeladas, ás carreiras, molestando...será mantendo un metro e medio de distancia.
- Acumulacións e amontoamentos.
- Saídas en grupo aos servizos (fananse de xeito individual).
- Subidas e baixadas das aulas en tempo de recreo.
- Non incorporarse ás aulas ao tocar a serea ou facelo antes de tempo.
- Entrar e saír pola porta do aparcadoiro e xogar no mesmo.
- Utilizar os servizos para xogos ou actividades diferentes ao seu fin.
- **Permanecer no interior do edificio fóra do horario escolar**, agás autorización xustificada do titor/a e baixo a súa responsabilidade.
- Retirar do centro material deportivo, escolar ou doutro tipo, agás os libros da biblioteca en préstamo.
- Usar material dos compañeiros/as (agás material do grupo burbulla en infantil).

Potenciarase:

- Mellorar o uso das papeleiras e a limpeza do recinto escolar.
- Baixada das escaleiras evitando comportamentos de risco.
- Respecto polas instalacións e utensilios, material escolar, árbores, animais, paxaros e por todas as persoas que convivimos no Centro.



21- AVALIACIÓN DOS ASPECTOS PEDAGÓXICOS E FUNCIONAIS DO CENTRO.

Tal e como se recolle na LOE-LOMCE (2013), á hora de avaliar debemos de ter en conta os seguintes ámbitos educativos:

- Procesos de aprendizaxe e resultados do alumnado
- Actividade do profesorado
- Os procesos educativos
- A función directiva
- Funcionamento do centro

Partiremos dunha avaliación global, continua, formativa e integradora.

Á hora de avaliar ao alumnado comezaremos cunha avaliación inicial para saber de onde imos partir e axustar o proceso de ensino-aprendizaxe ás súas características.

Impulsaremos a avaliación e autoavaliación do profesorado e do equipo directivo, mecanismo imprescindible nunha escola do século XXI.

Trimestralmente, darase conta ás familias da evolución dos seus fillos. Deberá deixárselles claro que coa avaliación non só se teñen en conta as notas dos exames senón que tamén se valorará o esforzo persoal, o traballo diario e a actitude ante as tarefas. Ao avaliar tomaremos como punto de referencia a consecución ou non dos criterios de avaliación establecidos para cada nivel educativo e a adquisición por parte do alumnado das competencias claves.

22-AVALIACIÓNS EXTERNAS Ó CENTRO.

Levaranse a cabo todas as avaliacións que se propoñan dende a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

23-SOLICITUDE DE DÍAS NON LECTIVOS.

Coma solicitude de días non lectivos, o Claustro e o Consello escolleron:

- 7 de decembro de 2021
- 16 de maio de 2022

24- .PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

1. INTRODUCCIÓN.

A Lei orgánica de educación (LOE), no seu artigo 121.2 establece que o proxecto educativo do centro "recollerá a forma de atención á diversidade do alumnado". O Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, dispón, entre outras cousas:

a) O Plan Xeral de Atención á Diversidade é o documento en que se articula a atención á diversidade a que se refire o artigo 121.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Neste plan concretaranse todas as actuacións e medidas de atención á diversidade que un centro educativo diseña e desenvolve para adecuar a resposta educativa ás necesidades da totalidade do seu alumnado. (Artigo 10)

b) Os departamentos de orientación, ou os recursos equivalentes nos centros privados concertados, serán os responsables de elaborar, de acordo coas directrices da Comisión de Coordinación Pedagóxica e as achegas dos departamentos e/ou equipos de ciclo/niveis, a proposta do Plan Xeral de Atención á Diversidade, que trasladarán ao equipo directivo. (Artigo 11.1)

O equipo directivo será o responsable do desenvolvemento, seguimento e avaliación do Plan Xeral de Atención á Diversidade. (Artigo 11.3)

c) Ao comezo de cada curso escolar, os departamentos de Orientación dos centros elaborarán a proposta da concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade, que debe formar parte da Programación Xeral Anual. (Artigo 11.4)

d) O equipo directivo incorporará a concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade á Programación Xeral Anual, e velará polo seu cumprimento, avaliación e memoria. (Artigo 11.5)

En consecuencia, considerando a normativa citada e as características e recursos deste centro, elabórase este Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD), co norte permanente de que a diversidade é un valor, ademais dunha realidade, e a súa atención educativa, un dereito.

2. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO.

(Ubicada no PE)

3. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES.

As principais necesidades percibidas polo profesorado, valoradas por orde de maior a menor consideración (prioridade), figuran na seguinte relación:

1. En xeral, é necesario mellorar os índices de comprensión lectora e de expresión escrita do alumnado.

2. En xeral, é necesario incrementar o nivel de autonomía do alumnado á hora de aprender (competencia para aprender a aprender).

3. En xeral, é necesario mellorar os índices de atención do alumnado respecto das explicacións do profesorado e da realización das actividades.

4. En xeral, é necesario mellorar o grao de motivación e de esforzo do alumnado.

5. En xeral, é necesario incrementar a competencia do alumnado nos cálculos e resolucións de problemas matemáticos.

6. En xeral, é necesario mellorar a competencia comunicativa oral na lingua galega.

7. En xeral, é necesario mellorar a competencia comunicativa oral na lingua inglesa e/ou francesa.

8. En xeral, é necesario cultivar os valores da tolerancia e da amizade e o respecto polas diferenzas.

9. En xeral, é necesario mellorar a acollida e a inclusión do alumnado con necesidade específica de apoio educativo por parte da totalidade do alumnado.

10. En xeral, é necesario rebaixar os niveis de competitividade e insolidariedade do alumnado no que atinxe ás tarefas escolares.

11. En xeral, é necesario desenvolver habilidades sociais no alumnado para que saiba resolver os conflitos.

12. É necesario dar mais importancia á creatividade e a expresión plástica.



4. OBXECTIVOS.

Os obxectivos que se formulan e pretenden acadar con este PXAD, tomando como referencia as primeiras necesidades expresadas no epígrafe anterior, son:

- a) Incrementar a autonomía do alumnado e a súa competencia para aprender a aprender.
- b) Mellorar o nivel xeral de atención do alumnado e o seu compromiso (motivación e esforzo) na realización das actividades escolares.
- c) Incrementar a competencia matemática do alumnado.
- d) Axustar os recursos educativos á realidade do alumnado.

5. ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Para acadar os obxectivos deste PXAD artículanse as seguintes medidas:

- a) En relación co obxectivo referente ao incremento da autonomía do alumnado e da súa competencia para aprender a aprender:
 - Conexión das novas propostas de aprendizaxe co que o alumnado xa coñece e en contextos significativos para este.
 - Practica insistente da técnica do modelado, verbalizando todos os pensamentos.
 - Establecemento de rutinas sistemáticas (modelado autoinstrucional), tanto no que ten que ver co material necesario como co proceso de abordaxe dunha actividade (lectura rápida, lectura lenta, comprensión do vocabulario, identificación das partes e do obxectivo final, realización de esquemas ou operacións parciais, comprobación do feito e das respostas, etc.).
 - Promoción de traballo cooperativo, co intercambio de ideas, camiños e resultados entre o alumnado (titoría entre iguais).
 - Prestación das axudas que o alumnado necesite, pero só as que necesite.
 - Oferta de moitas e diferentes ocasións para practicar o aprendido, promovendo o uso dos recursos tecnolóxicos.
 - Practica de estratexias de autoavaliación por parte de alumnado e de co-avaliación profesorado-alumnado.

- Respecto pols ritmos de aprendizaxe do alumnado, facilitando o tempo que cada alumna ou alumno necesite.

- Coidado permanente da autoestima do alumnado.

b) En relación co obxectivo referente á mellora da atención do alumnado e do seu esforzo:

- Promoción da individualización da atención do profesorado, con orientación permanente (antes, durante e despois das actividades de aprendizaxe).

- Consideración permanente das ideas previas do alumnado e da súa zona de desenvolvemento próximo, axustando o nivel de esixencia.

- Secuenciación da información (instrución).

- Axuste (incremento) dos tempos.

- Reiteración das explicacións, coa máxima variedade de recursos.

- Práctica do modelado e establecemento de rutinas de traballo.

- Ter en conta o centro de interese do alumnado.

- Reiteración constante da importancia do que se vai aprender.

- Valoración do esforzo e potenciación da autoestima.

- Práctica da avaliación formativa.

c) En relación co obxectivo referente ao incremento da competencia matemática do alumnado:

- Práctica frecuente do modelado.

- Práctica e esixencia do "rigor" expresivo, tanto oral como escrito.

- Práctica da explicación (aclaración) de calquera paso ou decisión.

- Promoción do uso dos recursos tecnolóxicos.

- Con respecto aos problemas:

- o Identificación do problema, do que conta, do que pide, dos datos que aporta.

- o Representación do problema (esquemas, debuxos, ...).

- o Reflexión sobre a posible solución.

- o Exploración das alternativas e dos pasos (etapas) necesarios.

- o Execución da alternativa elixida, coas operacións necesarias.

- o Comprobación do resultado e dos pasos seguidos.

c) En relación ao obxectivo referente ao axuste dos recursos educativos á realidade do alumnado, ou ás medidas de ámbito xeral:

- Coordinación vertical e horizontal das programacións das diferentes áreas.
- Adaptación dos tempos e dos instrumentos de avaliación ás circunstancias do alumnado.
- Establecemento de criterios para a adscrición do alumnado.
- Establecemento de criterios para a adscrición do profesorado.
- Establecemento de criterios para a utilización dos servizos de apoio.
- Elaboración dun modelo de solicitude de intervención da xefatura do departamento de orientación por parte do profesorado.
- Elaboración dun modelo de solicitude de intervención da xefatura do departamento de orientación por parte das familias.
- Elaboración dun programa para a acollida do alumnado e do profesorado de nova incorporación.
- Oferta de medidas de reforzo educativo para o alumnado que repite curso así como para o alumnado que promocionou de curso sen ter acadados os obxectivos.
- Elaboración dun informe final de curso, por parte do profesorado titor, sobre as medidas de reforzo educativo aplicadas a cada alumna ou alumno.
- Oferta de medidas de apoio educativo de PT e/ou AL ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo que o requira.
- Elaboración dun informe final de curso, por parte do profesorado de PT e/ou AL, sobre as medidas de apoio educativo aplicadas a cada alumna ou alumno.
- Oferta de redución do tempo de escolarización (flexibilización) ao alumnado con altas capacidades acreditadas.
- Oferta de ampliación do tempo de escolarización (flexibilización) ao alumnado con necesidades educativas especiais que se considere.



6. DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS:

Coa finalidade de poñer en funcionamento e explotar o potencial das medidas propostas, establécense:

a) Criterios para garantir a coordinación vertical e horizontal das programacións das diferentes áreas:

- Tomando como referente o currículo establecido para cada etapa educativa nos correspondentes decretos, cada equipo de ciclo/nivel, elaborará a correspondente programación didáctica (artigos 56 e 57 do Dto. 374/1996).

- O profesorado de cada nivel elaborará a programación da súa área (programación de actividades e tarefas) partindo da concreción curricular do ciclo (artigo 58 do Dto. 374/1996 e Capítulo II, 2 da Orde do 22 de xullo de 1997). Esta programación deberá realizarse conxuntamente no caso de niveis que contén con máis dun curso ou grupo e con profesorado distinto para impartir a mesma área.

b) Criterios para garantir a adaptación dos tempos e dos instrumentos de avaliación ás circunstancias do alumnado:

- O profesorado deberá axustar os seus procesos de ensinanza e de avaliación ao que, de ser o caso, se estableza no informe psicopedagóxico de cada un dos alumnos ou alumnas que atende.

- A adaptación dos tempos e dos instrumentos de avaliación deberá constar na correspondente programación de área.

c) Criterios para adaptar a distribución dos recursos humanos (profesorado) ao conxunto do alumnado:

Respectando os dereitos do profesorado e tratando de que este se acomode ás circunstancias do alumnado, así coma o establecido no D 374/96 que establece o regulamento orgánico de centros de educación infantil e primaria, na súa adscrición ás distintas titorías (cursos) teranse en consideración os seguintes criterios:

1. A adscrición respectará os destinos e especialidades do profesorado.
2. Adscribiranse en primeiro lugar os profesores e profesoras que deban continuar nivel.



3. Aquelas unidades que comecen nivel e escolaricen algún alumno ou alumna que teña adaptado o seu currículo (adaptación curricular), agás casos de altas capacidades, deberán contar cun titor ou titora definitivo no centro, que comece e remate ciclo con ese alumnado.

4. A adscrición realizarase por orde de antigüidade no centro, seguindo a orde de acceso.

5. De ser necesaria a adscrición dalgún especialista a algunha titoría, esta corresponderíalle ao profesor ou profesora que máis horas poida impartir nese curso concreto.

6. A adscrición á restante oferta educativa realizarase de forma voluntaria e por orde de antigüidade. De non cubrirse toda a oferta, a adscrición realizaraa a Comisión de Coordinación Pedagóxica, en base ao criterio de maior número de horas de libre disposición e menor antigüidade no centro.

Como norma xeral, todo o profesorado contará con unha hora de libre disposición para atender gardas e incidencias.

d) Criterios para a utilización dos servizos de apoio (PT e/ou AL):

Entendendo por servizos de apoio ao profesorado especialista de PT e/ou AL que obtivo destino por medio desa especialidade, a distribución dos seus servizos realizarase atendendo aos seguintes criterios prioritarios:

1. Atenderase a aquel alumnado con nee
2. Atenderase ao alumnado con neae
3. Continuarase cos apoios realizados no curso anterior, priorizando de 1º a 6º.
4. En educación infantil só se apoiará en casos graves, determinados no correspondente informe psicopedagóxico.
5. Buscarase un apoio de calidade fronte a un de cantidade.
6. O apoio será, salvo casos que necesiten unha terapia individual moi específica, dentro da aula ordinaria.
7. Ao remate de cada curso, o profesorado de PT e/ou AL informará por escrito desas medidas, segundo o modelo de informe elaborado polo departamento de orientación.

e) Criterios para a solicitude ou demanda dunha avaliación psicopedagóxica:

Para a solicitude de avaliación psicopedagóxica por parte da xefatura do departamento de orientación establécese o seguinte procedemento:

1. A solicitude de intervención da xefatura do departamento de orientación poderá realizarse polo profesorado titor, pola familia ou polo propio Servizo de Inspección Educativa.

2. As solicitudes de intervención procedentes do profesorado titor ou da propia familia deberán realizarse por escrito, segundo o modelo de solicitude establecido pola xefatura do departamento de orientación.

f) Criterios para a elaboración dun programa de acollida:

O programa de acollida terá en consideración:

1. O alumnado que se incorpora por primeira vez ao centro, sexa por ser de nova escolarización, sexa por traslado desde outro centro.

2. O profesorado de nova incorporación.

g) Criterios para a elaboración dun programa preventivo de identificación do alumnado con necesidade específica de apoio educativo (ACNEAE) e das súas necesidades educativas:

Os principios de prevención (detección precoz e intervención) deberán facerse operativos, entre outras medidas, mediante un programa de identificación precoz do ACNEAE. O deseño e elaboración deste programa terá en consideración:

1. A súa aplicación debe abranguer á totalidade do alumnado.

2. Centrarase nos principais momentos evolutivos e/ou curriculares.

3. Dos seus resultados informarase ao profesorado e ás familias.

4. Os resultados deberán usarse para orientar os programas (re)educativos.

5. O seu deseño, aplicación e xestión será responsabilidade da xefatura do departamento de orientación.

g) Criterios para a oferta de medidas de reforzo educativo:

h) Criterios para a oferta de grupos de adquisición das linguas e/ou de adaptación da competencia curricular:

Considerando o establecido na normativa que regula a atención ao alumnado estranxeiro, para a oferta de grupos de adquisición das linguas e/ou de adaptación da competencia curricular será necesario que se trate de alumnado

procedente do estranxeiro no curso académico para o que se solicita a medida ou medidas e que:

1. Descoñeza as dúas linguas oficiais de Galicia no caso dos grupos de adquisición das linguas ou presente un retraso curricular de dous ou máis cursos con respecto ao nivel no que está escolarizado no caso dos grupos de adaptación da competencia curricular.
 2. Non conte con adaptación curricular.
 3. O centro educativo conte con profesorado con dispoñibilidade horaria para aplicar esa medida.
 4. Exista un informe favorable do profesorado titor e outro da xefatura do departamento de orientación.
 5. Sexan autorizadas pola xefatura territorial.
- i) Criterios para a oferta de adaptación do currículo:

Considerando o establecido na normativa que regula as adaptacións curriculares, a oferta desta medida ao alumnado axustarase aos seguintes criterios:

1. Trátase de alumnado con necesidades educativas especiais cun desfase curricular de dous ou máis niveis ou cursos con respecto ao nivel ou curso no que está matriculado.
 2. Trátase de alumnado cunha discapacidade física ou sensorial que lle impida acceder a algún elemento do seu currículo de referencia.
 3. Que esa medida se propoña no informe psicopedagóxico elaborado pola xefatura do departamento de orientación.
 4. Que esa medida conte co acordo favorable na reunión inicial do equipo docente e a xefatura do departamento de orientación, xunto coa xefatura de estudos.
 5. Que as áreas a adaptar se realicen no marco (modelo) acordado polo centro.
- j) Criterios para o deseño dun modelo no que planificar ás áreas dunha adaptación curricular:

As áreas dunha adaptación curricular deben seguir o mesmo modelo de planificación. Este modelo, que deberá consensuarse na reunión na que se adopte a decisión de adaptar o currículo dun determinado alumno ou alumna, deberá:

1. Facer visibles o currículo de referencia e o currículo adaptado.
2. Definir con precisión as competencias adquiridas respecto do currículo de referencia.
3. Considerar o grao de desenvolvemento das competencias claves e a súa avaliación.
4. Establecer con precisión os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación do currículo adaptado.
5. Realizar unha proposta dos recursos a usar.
6. A ACS será realizada polo titor/a ou especialista. Terá asesoramento por parte do DO.

k) Criterios para a oferta de flexibilización ao alumnado con altas capacidades intelectuais e ao que presenta necesidades educativas especiais:

Os criterios para a redución ou ampliación do tempo de escolarización do alumnado identificado, respectivamente, con altas capacidades intelectuais ou con necesidades educativas especiais axustaranse ao establecido na normativa que regula esas medidas. Orde do 28 de outubro de 1996.

7. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN ÁS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO:

Con este epígrafe trátase de recoller aquelas actuacións profesionais que permitan facer realidade as medidas propostas, non de establecer ou recordar as funcións que xa están debidamente reguladas. En consecuencia, enténdese que as medidas a poñer en marcha requiren os seguintes compromisos:

a) Por parte do equipo directivo:

O equipo directivo deberá:

1. Garantir que se cumpran os criterios establecidos para a organización e distribución dos recursos e a aplicación das medidas propostas.
2. Diseñar un procedemento para que as concrecións curriculares das diferentes etapas garantan unha coordinación vertical e horizontal.
3. Dar cumprimento á proposta de prestación de apoio do profesorado de PT e/ou AL realizada pola xefatura do departamento de orientación.
4. Convocar e presidir as reunións de coordinación que se determinan no epígrafe correspondente.

b) Por parte do profesorado titor:

1. Informar debidamente a cada unha das familias afectadas sobre as medidas propostas para o seu fillo ou filla, obtendo a súa autorización ou conformidade no caso das medidas que así o teñan establecido.
2. Solicitar as avaliacións psicopedagóxicas no modelo facilitado pola xefatura do departamento de orientación, colaborando coa orientadora ou co orientador no proceso de exploración.
3. Realizar as convocatorias do equipo docente para a elaboración das adaptacións curriculares e para o seu seguimento e avaliación, levantando as correspondentes actas.
4. Colaborar coa xefatura do departamento de orientación e co profesorado de apoio de PT e/ou AL no posible axuste horario para a prestación dese servizo ao alumnado da súa titoría.

c) Por parte do profesorado de PT e/ou AL:

1. Colaborar coa xefatura do departamento de orientación na distribución dos servizos de apoio do profesorado de PT e/ou AL ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
2. Elaborar o plan de traballo para o alumnado que atende, en colaboración co profesorado da área que corresponda e segundo as orientacións da xefa ou do xefe do departamento de orientación
3. Realizar, ao final de curso e segundo o modelo facilitado polo departamento de orientación, o informe de apoio educativo do alumnado ao que atendeu.

d) Por parte do resto do profesorado:

1. Realizar a adaptación curricular da área que ten encomendada, no caso do alumnado ao que se decidiu aplicar esa medida, dentro dos prazos acordados e segundo o modelo establecido para o centro.
2. Facilitar ao profesorado titor, no que atinxe á súa área, a competencia curricular daquel alumnado ao que se vai solicitar unha avaliación psicopedagóxica.

e) Por parte da xefa ou do xefe do departamento de orientación:



1. Realizar a proposta de intervención do profesorado de PT e AL unha vez considerada a opinión dese profesorado e do profesorado titor.
 2. Diseñar e dar a coñecer os modelos de demanda dunha avaliación psicopedagóxica por parte do profesorado titor e por parte das familias.
 3. Responsabilizarse de que o departamento de orientación deseñe os modelos de documentos necesarios para o desenvolvemento deste plan (modelo no que planificar as áreas dunha adaptación curricular, modelo de informe fin de curso do profesorado de apoio, modelo de informe por parte dos titores das medidas de reforzo educativo, etc.).
 4. Diseñar, aplicar e informar ao profesorado titor, ás familias e ao alumnado dos resultados do programa preventivo de identificación do alumnado con necesidade específica de apoio educativo, así como das medidas educativas que, de ser o caso, corresponden.
- f) Por parte do profesorado coordinador de nivel:
1. Informar ás persoas integrantes de nivel que coordina os documentos sobre os que traballa o departamento de orientación, promovendo a análise daquelas propostas sobre as que o citado departamento solicita opinión do ciclo.
 2. Trasladar ao departamento de orientación as opinións e propostas do ciclo/nivel que coordina.

8. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS OU DE ADSCRICIÓN.

Enténdese a coordinación como o establecemento da rede de conexións entre os distintos elementos que interveñen no proceso educativo, coa finalidade de dar continuidade ao traballo realizado con anterioridade e contribuír a que se acaden os obxectivos propostos. Do que se trata, en síntese, é de que se adapten todas as circunstancias (profesorado, recursos materiais, servizos externos, etc.) á realidade do alumnado e non ao revés.

O Decreto 229/2011, do 7 de decembro, establece nun dos seus principios que “A intervención educativa basearase nun enfoque multidisciplinar e de colaboración e coordinación entre os diferentes profesionais”. En consecuencia, enténdese que a coordinación interna debe considerar:



1. Un ámbito xeral, asentándose sobre:
 - a. Un proxecto educativo común.
 - b. Unha concreción curricular común.
 - c. Unha programación de ciclo-nivel común.
2. Un ámbito concreto, que debe asentarse sobre:
 - a. A información existente nos documentos que conforman a carpeta do expediente do alumnado.
 - b. Os instrumentos de organización e xestión que elabore o centro, con claros criterios para o seu seguimento e avaliación.
 - c. O compromiso do claustro do profesorado na definición de aspectos mínimos (xerais) sobre a metodoloxía, onde se considere ao alumnado parte activa da súa aprendizaxe e se promova o seu dominio das competencias básicas.
 - d. O consenso sobre a información que debe formar parte dos procesos de avaliación inicial.
 - e. A unificación dos modelos de informes de fin de ciclo e de fin de etapa, ademais dos de apoio e reforzo educativo citados noutras epígrafes.

A colaboración ou coordinación cos centros adscritos e cos de adscrición debe asentarse, cando menos, sobre:

1. O traslado de toda a información que debe acompañar o expediente do alumnado.
2. O intercambio de información entre as xefaturas dos departamentos de orientación dos distintos centros.
3. As posibles reunións entre os equipos docentes afectados (o do centro educativo de curso que acaba de rematar e o do centro educativo do curso que acaba de comezar). Estas reunións, de ser o caso, deberán convocarse conxuntamente polas xefaturas de estudo dos centros afectados.

9. CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES E TITORAS LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO.

O citado Decreto 229/2011 dispón que "Os centros educativos promoverán a implicación das nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado ..." e que estas recibirán "... información e asesoramento que lles axuden no seu labor educativo, faciliten a comunicación co profesorado e potencien a participación na vida dos

centros". Lembrar que este curso, todas as reunións cas familias, tanto xerais coma individuais, serán telemáticas ou telefónicas. En consecuencia, para dar contido a esa colaboración, establécense as seguintes accións, en función das NEAE que presenten ós alumnos do grupo:

1. Realizarase unha reunión xeral, cas familias para a súa acollida e información.
2. Mantemento dunha tutoría en cada trimestre.
3. Determinación dos contidos mínimos a tratar nesas reunións, sendo estes os seguintes:
 - a. Primeira reunión:
 - Información sobre a CC, a súa autoría e utilidade.
 - Información sobre o calendario escolar.
 - Aclaración da liña metodolóxica usada na aula e sobre aspectos como: materiais necesarios, contidos a traballar, actividades de aprendizaxe, criterios e instrumentos de avaliación, actividades de reforzo e de ampliación, apoios e RE, criterios de promoción, nivel de colaboración familiar, a información ás familias, etc.
 - Información dos principais aspectos das NOFC e da PXA, en concreto: estrutura organizativa, horarios de cada clase e criterios usados, horas de tutoría e/ou atención ás familias, actividades complementarias e extraescolares, control da asistencia e xustificación das faltas, normas de convivencia, etc.
 - b. Segunda reunión:
 - Información sobre o desenvolvemento do programado.
 - c. Terceira reunión:
 - Información dos resultados.
 - Orientacións para o período das vacacións.
 - Presentación do posible traballo de verán.
 - Breve "anticipación" do próximo curso.
4. Disponibilidade para recoller e/ou trasladar aos servizos sociais, sanitarios, asistenciais, etc. aquela información relevante para o proceso educativo. Este

intercambio de información deberá realizarse formalmente (por escrito), previa solicitude escrita e fundamentada.

11. PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.

O seguimento e avaliación deste PXAD realizarase segundo o procedemento seguinte:

1. Ao final do 1º e do 2º trimestres o departamento de orientación, considerando os informes de execución facilitados polos diferentes niveis, emitirá un informe, que trasladará ao equipo directivo.
2. A dirección do centro responsabilizarase da análise do informe anterior polo claustro do profesorado e da posterior incorporación ao seguimento da PXA.
3. Ao final de curso, seguindo o procedemento que figura nas dúas epígrafes anteriores, realizarase a avaliación do PXAD. Nesa avaliación figurarán, de ser o caso, as propostas de mellora para o curso seguinte.
4. Tanto o informe de avaliación como, de ser o caso, as propostas de mellora incorporaranse á memoria final da PXA.
5. O seguimento e a avaliación por parte dos diferentes equipos de nivel e ciclo en infantil, realizarase en base aos seguintes indicadores:
 - a. Promoción do traballo en equipo.
 - b. Valoración do esforzo e potenciación da autoestima.
 - c. Coordinación vertical e horizontal das programacións das diferentes áreas.
 - d. Adaptación dos tempos e dos instrumentos de avaliación ás circunstancias do alumnado.
 - e. Establecemento de criterios para a adscrición do alumnado.
 - f. Establecemento de criterios para a adscrición do profesorado.
 - g. Establecemento de criterios para a utilización dos servizos de apoio.
 - h. Elaboración dun modelo de solicitude de intervención da xefatura do departamento de orientación por parte do profesorado.
 - i. Elaboración dun modelo de solicitude de intervención da xefatura do departamento de orientación por parte das familias.
 - j. Elaboración dun programa para a acollida do alumnado e do profesorado de nova incorporación.
 - k. Deseño dun modelo no que planificar as áreas dunha adaptación curricular.

- l. Elaboración dun programa para a identificación do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- m. Elaboración dun informe por parte dos titores sobre as medidas de reforzo educativo aplicadas a cada alumna ou alumno.
- n. Elaboración dun informe final de curso, por parte do profesorado de PT e/ou AL, sobre as medidas de apoio educativo.



ANEXOS:

Anexo I: Cuestionario previo de avaliación psicopedagóxica para o profesorado de infantil.

(A encher polo profesor/a autor/a da demanda)

1. RESPECTO DA DEMANDA:

- 1.1. AUTOR/A:.....
 1.2. RELACIÓN CO DEMANDADO/A:.....
 1.3. MOTIVO FUNDAMENTAL DA DEMANDA:.....
 1.4. DATA DE RECEPCIÓN DESTE CUESTIONARIO:.....
 1.5. DATA DE ENTREGA:.....

2. RESPECTO DO DEMANDADO/A:

2.1. DATOS PERSOAIS:

APELIDOS E NOME:.....
DATA DE NACEMENTO:..... **NOME DO PAI:**.....
PROFESIÓN:..... **NOME DA NAI:**.....
PROFESIÓN:..... **ENDEREZO:**.....

TELÉFONO/S:.....

2.2. HISTORIAL ACADÉMICO:

CURSO ACADÉMICO	COLEXIO	NIVEL	TITOR/A	INFORMES

¿ASISTIU Á ESCOLA INFANTIL?: .. SI: (Indicar meses e nº de horas diarias). NON:

¿ASISTE REGULARMENTE AO COLEXIO?: NON: Porcentaxe de absentismo: SI:



¿RECIBIU OU RECIBE ALGÚN TIPO DE APOIO EXTERNO?: NON:

SI: (Indicar en qué consiste ou consistiu)

2.3. DATOS FÍSICOS E DA SAÚDE:

{ Citar aspectos significativos do seu desenvolvemento, dificultades sensoriais observadas, problemas de saúde, enfermidades, informes médicos (acompañar fotocopia), ... }

.....

.....

.....

.....

.....

2.4. DATOS PSICOSOCIAIS:

(Citar aspectos significativos relacionados coa integración no grupo, coa relación no xogo, coa participación na clase,..)

.....

.....

.....

.....

2.5. DATOS DO CONTORNO SOCIO-FAMILIAR:

NÚMERO DE IRMÁNS:..... LUGAR QUE OCUPA:.....

FAMILIARES QUE CONVIVEN NA CASA:

EXPECTATIVAS FAMILIARES SOBRE O NENO/A:

GRAO DE RELACIÓN FAMILIA-TITOR/A-COLEXIO:

2.6. DATOS DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE:

(Indicar o nivel de competencia curricular en función dos criterios de avaliación establecidos na correspondente CC e en relación aos obxectivos xerais de cada unha das áreas curriculares)



O B X E C T I V O S X E R A I S (RD 1630/2006)	A (1)	E D (1)	N C (1)
<p>COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Formarse unha imaxe axustada e positiva de si mesmo a través da interacción cos demais e da identificación gradual das propias características, posibilidades e limitacións, desenvolvendo sentimentos de autoestima e autonomía persoal. 2. Coñecer e representar o seu corpo, os seus elementos e algunhas das súas funcións, descubriendo as posibilidades de acción e de expresión, e coordinando e controlando, cada vez con maior precisión, xestos e movementos. 3. Identificar os propios sentimentos, emocións, necesidades e preferencias, sendo capaces de dominalos, expresalos e comunicalos aos demais, identificando e respectando, tamén, os dos outros e outras. 4. Realizar, de maneira cada vez máis autónoma, actividades habituais e tarefas sinxelas para resolver problemas da vida cotiá, aumentando o sentimento de autoconfianza e a capacidade de iniciativa, e desenvolvendo estratexias para satisfacer as súas necesidades básicas. 5. Adecuar o seu comportamento ás necesidades e requerimentos dos demais, desenvolvendo actitudes e hábitos de respecto, axuda e colaboración, evitando comportamentos de submisión ou dominio. 6. Progresar na adquisición de hábitos e actitudes relacionados coa seguridade, a hixiene e o fortalecemento da saúde, apreciando e gozando das situacións cotiás de equilibrio e benestar emocional. 			



<p>COÑECEMENTO DO CONTORNO:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Observar e explorar de forma activa o seu contorno, xerando interpretacións sobre algunhas situacións e feitos significativos e mostrando interese sobre polo seu coñecemento. 2. Relacionarse cos demais, de forma cada vez máis equilibrada e satisfactoria, interiorizando progresivamente as pautas de comportamento social e axustando a elas a súa conduta. 3. Coñecer distintos grupos sociais próximos á súa experiencia; algunhas das súas características, producións culturais, valores e formas de vida; xerando actitudes de confianza, respecto e aprecio. 4. Iniciarse nas habilidades matemáticas, manipulando funcionalmente elementos e coleccións, identificando os seus atributos e cualidades, e establecendo relacións de agrupamentos, clasificación, orde e cuantificación. 5. Coñecer e valorar os compoñentes básicos do medio natural e algunhas das súas relacións, cambios e transformacións, desenvolvendo actitudes de coidado, respecto e responsabilidade na súa conservación. 			
<p>LINGUAXES: COMUNICACION E REPRESENTACION:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Utilizar a lingua como instrumento de comunicación; de representación, aprendizaxe e goce; de expresión de ideas e sentimentos; e valorar a lingua oral como un medio de relación cos demais e de regulación da convivencia. 2. Expresar emocións, sentimentos, desexos e ideas mediante a lingua oral e a través doutras linguaxes, elixindo o que mellor se axuste á intención e á 			



<p>situación.</p> <p>3. Comprender as intencións e mensaxes doutros nenos e adultos, adoptando unha actitude positiva cara a lingua, tanto propia como estranxeira.</p> <p>4. Comprender, reproducir e recrear algúns textos literarios, mostrando actitudes de valoración, goce e interese cara a eles.</p> <p>5. Iniciarse nos usos sociais da lectura e a escritura, explorando o seu funcionamento e valorándoas como instrumento de comunicación, información e goce.</p> <p>6. Achegarse ao coñecemento de obras artísticas expresadas en distintas linguaxes e realizar actividades de representación e expresión artística mediante o emprego de diversas técnicas.</p> <p>7. Inciarse no uso oral dunha lingua estranxeira para comunicarse en actividades dentro da aula e mostrar interese e goce ao participar neses intercambios comunicativos.</p>			
--	--	--	--

(1) Indicarase, cun X, segundo isto: A = Acadado; ED = En Desenvolvemento; NC = Non Comezado.

2.7. OUTRAS DIFICULTADES (Citar a dificultade observada, en función do que pode ser normal -tomar como referente o promedio da clase-):

3. ESTILO DE APRENDIZAXE E MOTIVACIÓN PARA APRENDER:

3.1. ACTITUDE DO ALUMNO OU ALUMNA ANTE OS DIFERENTES AGRUPAMENTOS (Indicar se lle gusta traballar só/a, en pequeno grupo, con atención individualizada, ...):

3.2. ÁREAS, CONTIDOS E ACTIVIDADES NAS QUE SE ATOPA MÁIS SEGURO/A (Citar aquilo no que o neno/a é bo, destaca, lle gusta, etc.):



- 3.3. **NIVEL DE ATENCIÓN** (Indicar se atende períodos longos de tempo, se interrompe a súa tarefa de vez en cando para continua-la despois, se non atende, ...):
- 3.4. **ESTRATEGIAS QUE UTILIZA PARA RESOLVER AS TAREFAS** (Indicar se imita; se busca axuda constantemente; se planifica a tarefa; se actúa impulsivamente, sen reflexionar..
- 3.5. **REFORZOS QUE LLE AGRADAN MÁIS** (Sociais -loubanzas, caricias, ...- , materiais, etc.):
- 3.6. **GRAO DE REALIZACIÓN DAS TAREFAS** (Indicar se as comeza e remata, se as comeza e as abandoa, se non as comeza, ...):
- 3.7. **TIPO DE MATERIAL QUE PREFIRE** (Manipulativo, de lapis e papel, ...):
4. **ACCIÓNS DESENVOLVIDAS PARA CORRIXIR O PROBLEMA** (Indicar as modificacións organizativas, metodolóxicas, de materiais, de reforzos, de apoios, ... levadas a cabo):
5. **RELACIÓN FAMILIA CENTRO:**
 - 5.1. ¿CON QUE FRECUENCIA ESTABLECE A FAMILIA RELACIÓN CO TITOR/A
 - 5.2. ¿É CONSCIENTE A FAMILIA DAS DIFICULTADES DO ALUMNO/A?:
 - 5.3. ¿QUE ACTITUDE ADOPTA A FAMILIA ANTE A SITUACIÓN ESCOLAR DO ALUMNO/A?:
6. **OUTRAS OBSERVACIÓNS** (Aportar só datos de interese que non foron recollidos
7. ¿QUE SE AGARDA DA INTERVENCIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN?:

Barallobre, de de
O/A MESTRE/A-TITOR/A,

Asdo.:



AUTORIZACIÓN FAMILIAR PARA A INTERVENCIÓN PSICOPEDAGÓXICA

D/na:, pai/nai ou titor/a
(riscar o que non proceda) do alumno/a:

.....
matriculado no.....nivel do segundo ciclo de educación infantil, AUTORIZO
a que o Departamento de Orientación do CEIP O Ramo, de Barallobre, realice
unha avaliación psicopedagóxica ao alumno/a referenciado.

Barallobre, de de
O PAI/NAI OU TITOR/A,

Anexo II: Cuestionario previo de avaliación psicopedagóxica para o
profesorado do 1º ciclo de primaria.

(A encher polo autor ou autora da demanda)

PROFESORADO

7. RESPECTO DA DEMANDA:

7.1. AUTOR/A:

7.2. RELACIÓN CO DEMANDADO/A

7.3. MOTIVO FUNDAMENTAL DA DEMANDA

7.4. DATA DE RECEPCIÓN DESTE CUESTIONARIODATA
DE ENTREGA:.....

8. RESPECTO DO DEMANDADO/A:

8.1. DATOS PERSOAIS:

APELIDOS E NOME:

DATA DE NACEMENTO:

NOME DO PAI:

PROFESIÓN:.....

NOME DA NAI:..... PROFESIÓN:.....



ENDEREZO:.....

TELÉFONO:.....

DATOS DA SÚA ESCOLARIZACIÓN (Centros, cursos, cualificacións, ..)

8.2. DATOS FÍSICOS E DA SAÚDE:

(Citar aspectos significativos do seu desenvolvemento, problemas de saúde, enfermidades, informes médicos,....)

8.3. DATOS PSICOSOCIAIS:

(Citar aspectos significativos relacionados coa integración no grupo, coa relación no xogo, coa participación na clase,..)

8.4. DATOS DO CONTORNO SOCIO-FAMILIAR:

NÚMERO DE IRMÁNS:..... **LUGAR QUE OCUPA:**.....

FAMILIARES QUE CONVIVEN NA CASA:

EXPECTATIVAS FAMILIARES SOBRE O NENO/A:

GRAO DE RELACIÓN FAMILIA-TITOR/A-COLEXIO:

8.5. DATOS DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE:

ÁREAS NAS QUE PRESENTA DIFICULTADES:

A) GRAO DE ADQUISICIÓN, EN RELACIÓN AO NIVEL CURSADO, DAS OITO COMPETENCIAS BÁSICAS:

OBXECTIVOS XERAIS (Decreto 130/2007)	TA	PA	NA
Coñecer, valorar e desfrutar do contorno natural, social e cultural e as interaccións entre eles, así como as posibilidades de defensa, mellora e conservación del.			
Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.			
Desenvolver as competencias matemáticas básicas e			



<p>iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicalos a situacións da súa vida cotiá.</p>			
<p>Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas, desenvolvendo a sensibilidade estética e a capacidade de desfrute das súas diferentes manifestacións e iniciándose na construción de propostas persoais.</p>			
<p>Coñecer, comprender, valorar e respectar as diferentes culturas e os seus patrimonios, as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por ningunha causa.</p>			
<p>Coñecer e utilizar apropiadamente a lingua galega e a lingua castelá, desenvolvendo hábitos de lectura e de respecto á diversidade lingüística.</p>			
<p>Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.</p>			
<p>Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que recibe e elabora.</p>			
<p>Utilizar estratexias persoais e variadas para obter, seleccionar, organizar, transformar, representar e comunicar a información.</p>			
<p>Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.</p>			



<p>Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o do resto das persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.</p>			
<p>Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lle permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos cales se relaciona. Fomentar a práctica e o respecto de normas cívicas e de aspectos de educación viaria, asumindo comportamentos que incidan na vida saudable, no consumo responsable, na seguridade e na prevención dos accidentes de tráfico.</p>			
<p>Desenvolver as capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas relacións co resto das persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.</p>			
<p>Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a actuar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.</p>			

TA: totalmente acadado.

PA: parcialmente acadado.

NA: non acadado.

B) NIVEL DE COMPETENCIA CURRICULAR ADQUIRIDO NOS DIFERENTES BLOQUES DE CONTIDO DAS ÁREAS CURRICULARES
 (Tomar como referente a CC. Trátase de ser concisos/as respecto do que domina -sabe- o neno/a, non de etiquetar nin facer atribucións causais):

1.- ÁREA DAS LINGUAS GALEGA E CASTELÁ:

- ESCOITAR E FALAR



- **LER E ESCRIBIR:**
- **REFLEXIONAR SOBRE A LINGUA:**

2.- ÁREA DE MATEMÁTICAS:

- **ESPAZOS E FORMAS:**
- **CANTIDADES:**
- **TRATAMENTO DA INFORMACIÓN E AZAR:**

3.- ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA:

- **ESCOITAR E FALARLER E ESCRIBIR:**
- **REFLEXIÓN SOBRE A LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL:**

4.- ÁREA DE COÑECEMENTO DO MEDIO NATURAL, SOCIAL E CULTURAL:

- **OS SERES HUMANOS E A SAÚDE:**
- **AS PLANTAS E OS ANIMAIS:**
- **A VIDA EN SOCIEDADE:**
- **O MEDIO FÍSICO: ESPAZO E MATERIAIS:**
- **O PASO DO TEMPO:**
- **MÁQUINAS, APARELLOS E TECNOLOXÍAS:**

5.- ÁREA DE EDUCACIÓN ARTÍSTICA:

- **EDUCACIÓN MUSICAL:**
- **ESCOITA:**
- **INTERPRETACIÓN E CREACIÓN MUSICAL: PLÁSTICA:**
- **OBSERVACIÓN PLÁSTICA:**
- **EXPRESIÓN E CREACIÓN PLÁSTICA:**

6.- ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA:

- **O CORPO: IMAXE E PERCEPCIÓN:**
- **HABILIDADES MOTRICES:**
- **ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO-EXPRESIVAS:**
- **ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE:**
- **XOGOS E DEPORTES:**

OUTRAS DIFICULTADES (Citar a dificultade observada, en función do que pode ser normal -tomar como referente o promedio da clase-):



2.6. ¿CALES SON OS PUNTOS FORTES DO NENO OU NENA? (Citar aquilo no que o neno ou a nena é bo, destaca, lle gusta, ...):

3. ACCIÓNS DESENVOLVIDAS PARA CORRIXIR O PROBLEMA:

4. ¿QUE SE AGARDA DA INTERVENCIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN?:

Barallobre, de de

O/A MESTRE/A-TITOR/A, MESTRE/A DA MATERIA (Riscar o que non proceda),

AUTORIZACIÓN FAMILIAR PARA A INTERVENCIÓN PSICOPEDAGÓXICA

D/na:, pai/nai ou titor/a (riscar o que non proceda) do alumno/a

.....,
matriculado no curso de educación primaria, **AUTORIZO** a que o Departamento de Orientación do CEIP O Ramo, de Barallobre, realice unha avaliación psicopedagóxica ao alumno/a referenciado.

Barallobre, de de

O PAI/NAI OU TITOR/A,

Anexo III: Cuestionario previo de avaliación psicopedagóxica para o profesorado do 2º ciclo de primaria.

(A encher polo autor ou autora da demanda)

PROFESORADO



9. RESPECTO DA DEMANDA:

9.1. **AUTOR/A:**

9.2. **RELACIÓN CO DEMANDADO/AMOTIVO FUNDAMENTAL DA DEMANDA**

9.3. **DATA DE RECEPCIÓN DESTE CUESTIONARIO:.....**

9.4. **DATA DE ENTREGA:.....**

10. RESPECTO DO DEMANDADO/A:

10.1. **DATOS PERSOAIS:**

APELIDOS E NOME DATA DE NACEMENTO NOME

DO PAI:..... PROFESIÓN:.....

NOME DA NAI:..... PROFESIÓN:.....

ENDEREZO:.....

TELÉFONO:.....

DATOS DA SÚA ESCOLARIZACIÓN (Centros, cursos, cualificacións, ..)

10.2. **DATOS FÍSICOS E DA SAÚDE:**

(Citar aspectos significativos do seu desenvolvemento, problemas de saúde, enfermidades, informes médicos,....)

10.3. **DATOS PSICOSOCIAIS:**

(Citar aspectos significativos relacionados coa integración no grupo, coa relación no xogo, coa participación na clase,..)

10.4. **DATOS DO CONTORNO SOCIO-FAMILIAR:**

NÚMERO DE IRMÁNS:..... LUGAR QUE OCUPA..... FAMILIARES QUE CONVIVEN NA CASA:

EXPECTATIVAS FAMILIARES SOBRE O NENO/A:

GRAO DE RELACIÓN FAMILIA-TITOR/A-COLEXIO:

10.5. **DATOS DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE:**

ÁREAS NAS QUE PRESENTA DIFICULTADES:



A) GRAO DE ADQUISICIÓN, EN RELACIÓN AO NIVEL CURSADO, DAS OITO COMPETENCIAS BÁSICAS:

OBXECTIVOS XERAIS (Decreto 130/2007)	TA	PA	NA
Coñecer, valorar e desfrutar do contorno natural, social e cultural e as interaccións entre eles, así como as posibilidades de defensa, mellora e conservación del.			
Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.			
Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos a situacións da súa vida cotiá.			
Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas, desenvolvendo a sensibilidade estética e a capacidade de desfrute das súas diferentes manifestacións e iniciándose na construción de propostas persoais.			
Coñecer, comprender, valorar e respectar as diferentes culturas e os seus patrimonios, as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por ningunha causa.			
Coñecer e utilizar apropiadamente a lingua galega e a lingua castelá, desenvolvendo hábitos de lectura e de respecto á diversidade lingüística.			
Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.			
Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das			



tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que recibe e elabora.			
Utilizar estratexias persoais e variadas para obter, seleccionar, organizar, transformar, representar e comunicar a información.			
Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.			
Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o do resto das persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.			
Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lle permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos cales se relaciona. Fomentar a práctica e o respecto de normas cívicas e de aspectos de educación viaria, asumindo comportamentos que incidan na vida saudable, no consumo responsable, na seguridade e na prevención dos accidentes de tráfico.			
Desenvolver as capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas relacións co resto das persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.			
Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a actuar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.			



TA: totalmente acadado. PA: parcialmente acadado. NA: non acadado.

B) NIVEL DE COMPETENCIA CURRICULAR ADQUIRIDO NOS DIFERENTES BLOQUES DE CONTIDO DAS ÁREAS CURRICULARES (Tomar como referente a CC. Trátase de ser concisos/as respecto do que domina -sabe- o neno/a, non de etiquetar nin facer atribucións causais):

1.- ÁREA DAS LINGUAS GALEGA E CASTELÁ:

- ESCOITAR E FALAR
- LER E ESCRIBIR:
- REFLEXIONAR SOBRE A LINGUA:

2.- ÁREA DE MATEMÁTICAS:

- ESPAZOS E FORMAS:
- CANTIDADES:
- TRATAMENTO DA INFORMACIÓN E AZAR:

3.- ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA:

- ESCOITAR E FALAR
- LER E ESCRIBIR:
- REFLEXIÓN SOBRE A LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL:

4.- ÁREA DE COÑECEMENTO DO MEDIO NATURAL, SOCIAL E CULTURAL:

- OS SERES HUMANOS E A SAÚDE:
- AS PLANTAS E OS ANIMAIS:
- A VIDA EN SOCIEDADE:
- O MEDIO FÍSICO: ESPAZO E MATERIAIS:
- O PASO DO TEMPO:
- MÁQUINAS, APARELLOS E TECNOLOXÍAS:



5.- ÁREA DE EDUCACIÓN ARTÍSTICA:

- EDUCACIÓN MUSICAL:
- ESCOITA:
- INTERPRETACIÓN E CREACIÓN MUSICAL:
 - PLÁSTICA:
- OBSERVACIÓN PLÁSTICA:
- EXPRESIÓN E CREACIÓN PLÁSTICA:

6.- ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA:

- O CORPO: IMAXE E PERCEPCIÓN:
- HABILIDADES MOTRICES:
- ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO-EXPRESIVAS:
- ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE:
- XOGOS E DEPORTES: OUTRAS DIFICULTADES (Citar a dificultade observada, en función do que pode ser normal -tomar como referente a media da clase-):

2.6. ¿CALES SON OS PUNTOS FORTES DO NENO OU NENA? (Citar aquilo no que o neno ou a nena é bo, destaca, lle gusta, ...):

3. ACCIÓNS DESENVOLVIDAS PARA CORRIXIR O PROBLEMA:

4. ¿QUE SE AGARDA DA INTERVENCIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN?:

Barallobre , de de

O/A MESTRE/A-TITOR/A, MESTRE/A DA MATERIA (Riscar o que non proceda),

AUTORIZACIÓN FAMILIAR PARA A INTERVENCIÓN PSICOPEDAGÓXICA

D/na:, pai/nai ou titor/a (riscar o que non proceda) do



alumno/a.....,
matriculado no curso de educación primaria, **AUTORIZO** a que o Departamento de Orientación do CEIP O Ramo, de Barallobre, realice unha avaliación psicopedagóxica ao alumno/a referenciado.

Barallobre, de de
O PAI/NAI OU TITOR/A,

Anexo IV: Cuestionario previo de avaliación psicopedagóxica para o profesorado do 3º ciclo de primaria.

(A encher polo autor ou autora da demanda)

PROFESORADO

11. RESPECTO DA DEMANDA:

- 11.1. **AUTOR/A:**
- 11.2. **RELACIÓN CO DEMANDADO/A:**
- 11.3. **MOTIVO FUNDAMENTAL DA DEMANDA:**
- 11.4. **DATA DE RECEPCIÓN DESTE CUESTIONARIO:.....**
DATA DE ENTREGA:.....

12. RESPECTO DO DEMANDADO/A:

- 12.1. **DATOS PERSOAIS:**

APELIDOS E NOME:

DATA DE NACEMENTO:.....

NOME DO PAI: PROFESIÓN:.....

NOME DA NAI:..... PROFESIÓN:.....

ENDEREZO:.....

TELÉFONO:.....

DATOS DA SÚA ESCOLARIZACIÓN (Centros, cursos, cualificacións, ..)

- 12.2. **DATOS FÍSICOS E DA SAÚDE:**



(Citar aspectos significativos do seu desenvolvemento, problemas de saúde, enfermidades, informes médicos, ...)

12.3. DATOS PSICOSOCIAIS:

(Citar aspectos significativos relacionados coa integración no grupo, coa relación no xogo, coa participación na clase,..)

12.4. DATOS DO CONTORNO SOCIO-FAMILIAR:

NÚMERO DE IRMÁNS:..... LUGAR QUE OCUPA:.....

FAMILIARES QUE CONVIVEN NA CASA:

EXPECTATIVAS FAMILIARES SOBRE O NENO/A:

GRAO DE RELACIÓN FAMILIA-TITOR/A-COLEXIO:

12.5. DATOS DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE:

ÁREAS NAS QUE PRESENTA DIFICULTADES:

C) GRAO DE ADQUISICIÓN, EN RELACIÓN AO NIVEL CURSADO, DAS OITO COMPETENCIAS BÁSICAS:

OBXECTIVOS XERAIS (Decreto 130/2007)	TA	PA	NA
Coñecer, valorar e desfrutar do contorno natural, social e cultural e as interaccións entre eles, así como as posibilidades de defensa, mellora e conservación del.			
Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.			
Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos a situacións da súa vida cotiá.			
Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas, desenvolvendo a sensibilidade estética e a capacidade de desfrute das súas diferentes manifestacións e iniciándose na construción de propostas persoais.			



Coñecer, comprender, valorar e respectar as diferentes culturas e os seus patrimonios, as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por ningunha causa.			
Coñecer e utilizar apropiadamente a lingua galega e a lingua castelá, desenvolvendo hábitos de lectura e de respecto á diversidade lingüística.			
Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.			
Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que recibe e elabora.			
Utilizar estratexias persoais e variadas para obter, seleccionar, organizar, transformar, representar e comunicar a información.			
Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.			
Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o do resto das persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.			
Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lle permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos cales se relaciona. Fomentar a práctica			



e o respecto de normas cívicas e de aspectos de educación viaria, asumindo comportamentos que incidan na vida saudable, no consumo responsable, na seguridade e na prevención dos accidentes de tráfico.			
Desenvolver as capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas relacións co resto das persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.			
Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a actuar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.			

TA: totalmente acadado.
 acadado.

PA: parcialmente acadado.

NA: non

D) NIVEL DE COMPETENCIA CURRICULAR ADQUIRIDO NOS DIFERENTES BLOQUES DE CONTIDO DAS ÁREAS CURRICULARES
 (Tomar como referente a CC. Trátase de ser concisos/as respecto do que domina -sabe- o neno/a, non de etiquetar nin facer atribucións causais):

1.- ÁREA DAS LINGUAS GALEGA E CASTELÁ:

- ESCOITAR E FALAR:
- LER E ESCRIBIR:
- REFLEXIONAR SOBRE A LINGUA:

2.- ÁREA DE MATEMÁTICAS:

- ESPAZOS E FORMAS:
- CANTIDADES:
- TRATAMENTO DA INFORMACIÓN E AZAR:

3.- ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA:

- ESCOITAR E FALAR



- **LER E ESCRIBIR:**
- **REFLEXIÓN SOBRE A LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL:**

4.- ÁREA DE COÑECEMENTO DO MEDIO NATURAL, SOCIAL E CULTURAL:

- **OS SERES HUMANOS E A SAÚDE:**
- **AS PLANTAS E OS ANIMAIS:**
- **A VIDA EN SOCIEDADE:**
- **O MEDIO FÍSICO: ESPAZO E MATERIAIS:**
- **O PASO DO TEMPO:**
- **MÁQUINAS, APARELLOS E TECNOLOXÍAS:**

5.- ÁREA DE EDUCACIÓN ARTÍSTICA:

- **EDUCACIÓN MUSICAL:**
- **ESCOITA:**
- **INTERPRETACIÓN E CREACIÓN MUSICAL: PLÁSTICA:**
- **OBSERVACIÓN PLÁSTICA:**
- **EXPRESIÓN E CREACIÓN PLÁSTICA:**

6.- ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA:

- **O CORPO: IMAXE E PERCEPCIÓN:**
- **HABILIDADES MOTRICES:**
- **ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO-EXPRESIVAS:**
- **ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE:**
- **XOGOS E DEPORTES:**

OUTRAS DIFICULTADES (Citar a dificultade observada, en función do que pode ser normal -tomar como referente o promedio da clase-):

2.6. ¿CALES SON OS PUNTOS FORTES DO NENO OU NENA? (Citar aquilo no que o neno ou a nena é bo, destaca, lle gusta, ...):

3. ACCIÓNS DESENVOLVIDAS PARA CORRIXIR O PROBLEMA:



5. ¿QUE SE AGARDA DA INTERVENCIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN?:

Barallobre, de de

O/A MESTRE/A-TITOR/A, MESTRE/A DA MATERIA (Riscar o que non proceda),

AUTORIZACIÓN FAMILIAR PARA A INTERVENCIÓN PSICOPEDAGÓXICA

D/na:, pai/nai ou titor/a (riscar o que non proceda) do alumno/a

....., matriculado no curso de educación primaria, AUTORIZO a que o Departamento de Orientación do CEIP O Ramo, de Barallobre, realice unha avaliación psicopedagóxica ao alumno/a referenciado.

Barallobre, de de

O PAI/NAI OU TITOR/A,

Anexo V: Cuestionario previo de avaliación psicopedagóxica para as familias.

(A cubrir polo autor/a da demanda)

FAMILIA

1. RESPECTO DA DEMANDA:

1.1. AUTOR/A:

1.2. RELACIÓN CO DEMANDADO/A

1.3. MOTIVO FUNDAMENTAL DA DEMANDA:

1.4. DATA DE ENTREGA DESTE CUESTIONARIO:.....

DATA RECEPCIÓN:.....



2. RESPECTO DO DEMANDADO/A (NENO OU NENA):

2.1. DATOS PERSOAIS:

APELIDOS E NOME:

DATA DE NACEMENTO:

NOME DO PAI:..... PROFESIÓN:.....

NOME DA MAI:..... PROFESIÓN:.....

ENDEREZO:.....

TELÉFONO:.....

DATOS DA SÚA ESCOLARIZACIÓN (Centros, cursos, cualificacións,.....)

2.2. DATOS FÍSICOS E DA SAÚDE:

(Citar aspectos significativos do seu desenvolvemento, problemas de saúde, enfermidades, informes médicos,)

2.3. DATOS PSICOSOCIAIS:

(Citar aspectos significativos relacionados coa súa actitude cando xoga cos compañeiros/as, sobre os seus intereses, sobre o acatamento ou non das normas, sobre os seus caprichos,)

2.4. DATOS DO CONTORNO SOCIO-FAMILIAR:

NÚMERO DE IRMÁNS:..... LUGAR QUE OCUPA:.....

FAMILIARES QUE CONVIVEN NA CASA:

EXPECTATIVAS FAMILIARES SOBRE O NENO/A:

GRAO DE RELACIÓN FAMILIA COLEXIO:

2.5. ACCIÓNS DESENVOLVIDAS PARA CORRIXIR O PROBLEMA:

2.6. ¿QUE SE AGARDA DA INTERVENCIÓN DO ORIENTADOR

En....., día de de

O PAI/NAI OU TITOR/A (riscar o que non proceda);



Anexo VI: Estrutura básica dunha adaptación curricular.

1. DATOS PERSOAIS DO ALUMNO OU DA ALUMNA

2. DATOS FÍSICOS E DE SAÚDE MÁIS RELEVANTES.

3. DATOS PSICOSOCIAIS MÁIS RELEVANTES:

4. DATOS DO CONTORNO SOCIOFAMILIAR.

5. DATOS DO CONTORNO ESCOLAR:

5.1 Datos da escolarización.

5.2 Forma organizativa do centro.

5.3 Forma organizativa da aula.

Colaboración e participación dos distintos servizos educativos.

6. DATOS PEDAGÓXICOS:

6.1 Aspectos relevantes da súa escolarización.

6.2 Competencias xa adquiridas respecto do currículo de referencia.

6.3 Necesidades educativas respecto das capacidades establecidas no currículo de referencia.

- Estilo de aprendizaxe.

- Estratexias de aprendizaxe.

- Grao de motivación e intereses educativos.

- Actividades ou tarefas nas que destaca.

- Pertinencia de realizar unha A.C.

- Área/s a adaptar.

- Proposta concreta de adaptación da/s área/s.

- Recursos a empregar.

- Seguimento e avaliación da A.C.

7. PROFESIONAIS PARTICIPANTES.

8. ACREDITACIÓN DA INFORMACIÓN Á FAMILIA.

....., de de 20...

O/A titor/a,

Asdo.:

Vº e prace: o/a director/a,

Asdo.:



Anexo VII: Marco de planificación da área ou áreas adaptadas.

AC. DA AREA DE				ETAPA:	CICLO:			
CURRÍCULO DE REFERENCIA				CURRÍCULO ADAPTADO				
<i>Bloque temático:</i>				Obxectivos xerais promotores das competencias básicas desta área: Bloque temático:				
<i>Obxectivos:</i>								
<i>Competencias adquiridas:</i>				Obxectivos: Que o alumnado sexa capaz de:	Contidos	Criterios de avaliación:		
<i>Nivel de adquisición dos obxectivos xerais promotores das competencias básicas:</i>			<i>T</i>				<i>P</i>	<i>N</i>
			<i>A</i>				<i>A</i>	<i>A</i>
<i>Coñecer, valorar e desfrutar do contorno natural, social e cultural e as interaccións entre eles, así como as posibilidades de defensa, mellora e conservación del</i>								
<i>Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.</i>								
<i>Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse</i>								



<p><i>na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos a situacións da súa vida cotiá.</i></p>					
<p><i>Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas, desenvolvendo a sensibilidade estética e a capacidade de desfrute das súas diferentes manifestacións e iniciándose na construción de propostas persoais.</i></p>					
<p><i>Coñecer, comprender, valorar e respectar as diferentes culturas e os seus patrimonios, as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por ningunha causa.</i></p>					
<p><i>Coñecer e utilizar apropiadamente a lingua galega e a lingua castelá, desenvolvendo hábitos de lectura e de respecto á diversidade lingüística.</i></p>					
<p><i>Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a</i></p>					



<p>competencia comunicativa básica que permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.</p>						
<p>Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que recibe e elabora.</p>				<p>Orientación metodolóxica:</p>		
<p>Utilizar estratexias persoais e variadas para obter, seleccionar, organizar, transformar, representar e comunicar a información.</p>						
<p>Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.</p>						
<p>Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o do resto das persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.</p>						



<p><i>Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lle permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos cales se relaciona. Fomentar a práctica e o respecto de normas cívicas e de aspectos de educación viaria, asumindo comportamentos que incidan na vida saudable, no consumo responsable, na seguridade e na prevención dos accidentes de tráfico.</i></p>			<p>Criterios de avaliación das competencias básicas:</p>
<p><i>Desenvolver as capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas relacións co resto das persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.</i></p>			
<p><i>Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a actuar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.</i></p>			



Temporalización:	Recursos:
-------------------------	------------------

Anexo VIII: Modelo de acreditación da información á familia.

ACREDITACIÓN DA INFORMACIÓN DA AC. Á FAMILIA

....., con DNI, e
, con DNI....., nai e pai, respectivamente, de
, á vista do establecido no Art. 15º
 da Orde do 06 de outubro de 1995 da Consellería de Educación e Ordenación
 Universitaria, pola que se regulan as adaptacións do currículo nas
 ensinanzas de réxime xeral, manifestamos, asinando a presente, que fomos
 debidamente informados das decisións adoptadas na adaptación curricular
 que se elaborou, por parte do equipo docente do
 ciclo/nivel do CEIP, para o/a alumno/a
,
, de de 20....

A NAI,

O PAI,

Asdo.:

Asdo.:

Anexo IX: Modelo de informe final de curso das medidas de apoio educativo
 (PT e/ou AL).



INFORME DO PROFESORADO DE APOIO SOBRE AS MEDIDAS DE APOIO EDUCATIVO

1. DATOS DA AUTORA DO INFORME:

APELIDOS:..... **NOME:**.....

PROFESORA DE: AL: PT: **SITUACIÓN NO CENTRO** (Def., Prov., Int., Contr.):

2. DATOS DO ALUMNO OU ALUMNA:

APELIDOS:..... **NOME:**.....

DATA DE NACEMENTO:..... **CURSO:** 2012-13 **ETAPA:** Infantil:

Primaria: ~~1º~~ ~~2º~~ ~~3º~~ ~~INIE:~~

GRUPO:.....

AC: Si: , ¿En que áreas?:..... Non:

3. DATOS DAS MEDIDAS DE APOIO:

ÁREA/S NA/S QUE RECIBIU APOIO:.....

DATA DE COMEZO **DATA DE REMATE DO APOIO** (No caso de non chegar ata a fin do curso):..... **HORARIO SEMANAL E MODALIDADE DO APOIO REALIZADO.** (Especificar día/s da semana, horario e modalidade -dentro da aula ordinaria, fóra da aula ordinaria-):.....

DESCRIPCIÓN DAS MEDIDAS DE APOIO:

a) Tipo de tarefas realizadas:

b) Principais materiais usados:

c) Horario e grao de coordinación co profesorado ordinario:

d) Avaliación das medidas de apoio:

VALORACIÓN FINAL DAS MEDIDAS DE APOIO:

~~Adórose~~ os obxectivos previstos nelas.

Non tiveron eficacia algunha, foron unha tarefa rutinaria máis.



e) ¿Quen lle axudaba?:

f) ¿Como se avaliaban? (corrixían):

¿RECIBIU O APOIO DOUTRO PROFESORADO?: NON: SI: , ¿QUEN O/A APOIOU?: MODALIDADE E HORARIO SEMANAL (Indicar o horario semanal e se foi dentro ou fóra da aula ordinaria):

VALORACIÓN FINAL DAS MEDIDAS DE R.E.:

~~Adócese~~ os obxectivos previstos nelas.

Non tiveron eficacia algunha, foron unha tarefa rutinaria máis.

Foron eficaces, pero a mellora non se extrapolaba ao traballo diario (ordinario).

PREVISIÓN PARA O CURSO PRÓXIMO (Indicar se se considera que este alumno/a, no curso próximo, pode verse beneficiado ou non por unhas medidas regulares de apoio educativo, en qué área ou áreas, mediante qué modalidade -dentro da aula ordinaria, fóra, mixta- e número de horas semanais):

Anexo XI: Estrutura básica dun ditame de escolarización.

1. DATOS PERSOAIS DO ALUMNO OU DA ALUMNA
2. LEXISLACIÓN APLICABLE E MOTIVO DO DITAME.
3. CONCLUSIÓN DA AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA
4. ORIENTACIÓN SOBRE A RESPOSTA EDUCATIVA QUE NECESITA A ALUMNA OU O ALUMNO.
5. PROPOSTA DE ESCOLARIZACIÓN QUE SE REALIZA E RECURSOS QUE SE ESTIMAN NECESARIOS.
6. VALORACIÓN DA FAMILIA SOBRE A PROPOSTA DE ESCOLARIZACIÓN REALIZADA.

....., de de 20.....

A xefa ou o xefe do departamento de orientación,



Asdo.:

Anexo XII: Modelo de valoración da familia ante un ditame de escolarización.

....., con DNI, e
, con DNI....., nai e pai, respectivamente, de
, manifestamos, asinando a
 presente, que fomos debidamente informados pola xefatura do departamento
 de orientación do CEIP do ditame de escolarización elaborado
 para o noso fillo ou filla

..... e da proposta de escolarización realizada, a cal:

- Compartimos.**
- Non compartimos e rexeitamos, por entender que ...**

....., de de 20.....

A NAI,

O PAI,

Asdo.:

Asdo.:

.....

Esta **PXA (Programación Xeral Anual)** foi aprobada en Claustro de Profesores a 18 de outubro de 2021, e refrendada polo Consello Escolar na mesma data.

En Barallobre a 25 de outubro de 2021.

Asdo. Noemí Carballo Cabo
 Directora do CEIP Plurilingüe O Ramo



ANEXO I

Plan de Actividades do Departamento de Orientación

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	3
2.- CRITERIOS PARA A ELABORACIÓN DO PLAN.....	4
2.1.- Características do centro	4
2.2.- Marco legal.....	4
3.- DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.....	6
3.1.- Composición	6
3.2.- Horario	7
4.- OBXECTIVOS.....	11
5.- ACTIVIDADES.....	13
6.- ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN	17
7.- RECURSOS.....	19
8.- PROCESO DE SEGUIMIENTO, AVALIACION E MELLORA DO PLAN	20
9.- CONCLUSIÓN	21

1.- INTRODUCCIÓN

A elaboración do Plan Anual das Actividades do Departamento de Orientación (PAADO) ven recollida na **Orde do 24 de xullo de 1998** pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998, que no seu **artigo 11º b)** determina que «é función da xefatura do departamento de orientación responsabilizarse da redacción do plan anual de actividades do departamento, velar polo seu cumprimento e elaborar a memoria final de curso».

Coa elaboración deste plan preténdese contribuír á mellora da calidade da oferta educativa deste centro no presente curso 2020-2021. Seguindo a **Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa** que modifica á **Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación**, uns dos nosos principios básicos será contribuír á **equidade** na educación, garantindo a **igualdade de oportunidades** e baseándose nun **esfuerzo compartido** por toda a comunidade educativa. O principal obxectivo é lograr a plena **inclusión** e **integración** do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar algunha necesidade específica de apoio educativo.

Para levar a cabo esta proposta estableceranse puntos de encontro e colaboración que permitan elaborar un plan axeitado ás necesidades do centro, do profesorado, do alumnado e das familias que o conforman.

2.- CRITERIOS PARA A ELABORACIÓN DO PLAN

2.1.- Características do centro

O ámbito de actuación do presente plan de actividades será o **CEIP PLURILINGÜE O RAMO**, en Barallobre, parroquia na que se atopa situado o centro. O noso Departamento de Orientación figura adscrito ó IES de Fene.

No presente curso escolar, o centro conta con tres unidades de educación infantil e seis unidades de educación primaria. Este centro educativo ten matriculados, este ano, 149 alumnos/as.

Ademais este ano, contamos a tempo completo cun auxiliar técnico educativo, Norma Mercedes Mondaca Barrionuevo, para a atención de alumnado con NEE permanentes.

2.2.- Marco legal

Como marco legislativo para elaborar e desenvolver o PADO terase en conta:

■ Orientación:

- **Decreto de Orientación.** Decreto 120/1998, de 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Orde de Orientación.** Orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998.
- **Circular 18/2007** das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia.
- **Circular 10/2010** da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

■ Atención ao alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo (NEAE):

- **Decreto de atención á diversidade.** Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galiza nos que se imparten as ensinanzas establecidas na LOE.
- **Escolarización do alumnado con necesidades educativas especiais.** Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais.
- **Avaliación do alumnado con necesidades educativas especiais.** Orde do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan

as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do ditame de escolarización.

- **Real Decreto de condicións do sistema educativo para o alumnado sobredotado intelctualmente.** Real Decreto 943/2003 polo que se regulan as condicións para flexibilizar a duración dos diversos niveis e etapas do sistema educativo para os alumnos sobredotados intelctualmente.
 - **Flexibilización da escolarización do alumnado sobredotado intelctualmente.** Orde do 28 de outubro de 1996 pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibilizar a duración do período de escolarización obrigatoria dos alumnos con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de sobredotación intelctual.
- Normas específicas para a actividade docente:
- **Adaptacións curriculares.** Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral.
 - **Alumnado estranxeiro.** Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ó alumnado procedente do estranxeiro.

Ademais da lexislación, como criterio para a elaboración do PADO tamén se teñen en conta os diversos documentos de centro, tales como a memoria do curso anterior e a avaliación global dos resultados do alumnado.

A través deste plan tamén se pretende asegurar unha actuación coordinada co **IES de Fene**, ao que o centro está adscrito, e o **CPI A Xunqueira**, pola proximidade.

3.- DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

3.1.- Composición

O Departamento de Orientación queda constituído, para o curso escolar 2021-2022, cos seguintes elementos persoais:

Cadro 1. Composición do Departamento de Orientación.

EQUIPO: compoñentes		NOME E APELIDOS
Xefa do D.O		Noemí Carballo
Mestras PT		Rebeca Blanco Diana Iglesias
Mestra AL		Carolina Del Río (compartida)
Coordinadoras de Nivel	Educación Infantil	Teresa Barreira
	1º de Educación Primaria	Aurea Mendoza
	2º de Educación Primaria	Alicia Mayobre
	3º de Educación Primaria	Miguel Gabeiras
	4º de Educación Primaria	María Josefa Berejio
	5º de Educación Primaria	Berta Catuxa Losada
	6º de Educación Primaria	Lucía Rojo

3.2.- Horario

Como consideración previa, cómpre sinalar que a xefa do departamento de orientación é tamén a directora do centro, quedando o seu horario no CEIP Plurilingüe O Ramo da seguinte maneira:

Cadro 2. Horario da Orientadora: Noemí Carballo Cabo

HORAS	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:30-10:25	Orientación	Orientación	Dirección	Orientación	Dirección
10:25-11:15	Dirección	Orientación	Dirección	Orientación	Orientación
11:15-12:05	Dirección	Orientación		Orientación	Orientación
RECREO 12:05-12:30	<i>GARDA DE RECREO</i>	<i>GARDA RECREO</i>	Dirección	<i>GARDA DE RECREO</i>	<i>GARDA DE RECREO</i>
HORA DE LER 12:30-13:00	Orientación	Orientación	Orientación	Orientación	Orientación
13:00-13:45	Orientación	Orientación	Dirección	Orientación	Orientación
13:45-14:30	Orientación	Orientación	Orientación	Orientación	Orientación

Cadro 3. Horario da especialista en PT: Rebeca Blanco Carpenle

HORAS	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:30-10:25	EP	EP	EP	EP	EP
10:25-11:15	EP	EP	EP	EP	EP
11:15-12:05	EP	EP	EP	EP	EP
RECREO 12:05-12:30	RECREO (GARDA)	RECREO	RECREO (GARDA)	RECREO	RECREO (GARDA)
HORA DE LER 12:30-13:00					
13:00-13:45	EP	EP	EP	EP	EP
13:45-14:30	EP	EP	EP	EP	EP

Cadro 4. Horario da especialista en PT: Diana

HORAS	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:30-10:25				EP	EP
10:25-11:15				EP	EP
11:15-12:05				EP	EP
RECREO					
HORA DE LER					
13:00-13:45				EP	EP
13:45-14:30				EP	IT

Cadro 6. Horario da especialista en AL: Carolina del Río Díaz

HORAS	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:30-10:25	EP		EP		EP
10:25-11:15	EP		EP		EP
11:15-12:05	EP		EP	EP	EP
RECREO					

12:05-12:30					
HORA DE LER 12:30-13:00					EP
13:00-13:45	EP		EP		EP
13:45-14:30	EP		EP	EP	IT

Cadro 7. Horario da auxiliar técnico educativa

HORAS	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:30-10:25	6 anos	6 anos	6 anos	6 anos	6 anos
10:25-11:15	6 anos	6 anos	6 anos	6 anos	6 anos
11:15-12:05	6 anos	6 anos	6 anos	6 anos	6 anos
RECREO 12:05-12:30	6 anos	6 anos	6 anos	6 anos	6 anos
HORA LER 12:30-13:00	6 anos	6 anos	6 anos	6 anos	6 anos
13:00-13:45	6 anos	6 anos	6 anos	6 anos	6 anos
13:45-14:30	6 anos	6 anos	6 anos	6 anos	6 anos

4.- OBXECTIVOS

Os obxectivos formulados son os seguintes:

- Contribuír á personalización dos procesos de ensinanza- aprendizaxe.
- Facilitar a inclusión dos alumnos no seu grupo-clase, fomentando o desenvolvemento de actitudes de cooperación e respecto aos outros.
- Valorar as necesidades educativas do alumnado e deseñar, desenvolver e avaliar programas de intervención.
- Organizar a atención do alumnado con NEAE e colaborar na elaboración de ACS.
- Diagnosticar as NEAE do alumnado do xeito mais temperá posible, deseñando intervencións propedéuticas das dificultades ou problemas de desenvolvemento ou aprendizaxe, por condicións desfavorables ou por altas capacidades, que poidan presentar.
- Deseñar accións referentes a atención temperá así como á prevención das dificultades ou problemas de desenvolvemento ou aprendizaxe, por condicións desfavorables ou por altas capacidades.
- Desenrolar liñas comúns de acción cos titores no marco do desenvolvemento curricular do centro.
- Informar e asesorar ó profesorado na súa labor profesional e proporcionarlle as técnicas actuais para mellorar a actividade docente.
- Establecer unha boa relación cas familias.
- Implicar as familias nas actividades de apoio ao aprendizaxe e orientación dos/das fillos/as e informarlles de todo aquilo que afecte a educación dos seus fillos/as.
- Introducir unha filosofía de orientación coma traballo **de “todos”** (mestres - titores, familia, membros do D.O.....), sendo a primeira liña de actuación na titoría e trato directo cos nenos, e **para todos**, non só para o alumnado con

NEAE, acompañando ao individuo ao longo da súa vida académica e de aí en diante.

- Facilitarlle ao alumnado o apoio e o asesoramento necesarios para afrontar os momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade, como o ingreso no centro, o cambio de nivel ou etapa e a resolución de conflitos de relación interpersoal.
- Potenciar e favorecer a adquisición das competencias emocionais.
- Desenvolver e aplicar o Plan de Acción Titorial.
- Introducir unha acción educativa baseada na inclusión e na aprendizaxe cooperativa e dialóxica, fundamentada na filosofía das Competencias Clave.
- Axudar a consolidar o programa permanente que mellore a formación do profesorado (PFPP) na atención ó alumnado.
- Modificar e actualizar os anexos do POA e a totalidade do PXAD.

5.- ACTIVIDADES

Todas as actividades serán propostas a partir da colaboración entre o Departamento de Orientación e os profesores tutores para todos os alumnos/as, mestras e familias da escola. Nesta liña imos propoñer as seguintes actuacións:

- Diagnóstico e estimulación precoces para identificar o risco do alumnado cara as dificultades de aprendizaxe.
- Desenrolar a madurez para a aprendizaxe así como o nivel de competencias clave dos/as alumnos/as.
- Estimular a formación do profesorado e as familias respecto as necesidades que presenta a nosa escola e ó alumnado en xeral.
- Asesorar o profesorado nos aspectos que favorezan a inclusión educativa e estimulación das potencialidades dos alumnos con NEAE.
- Priorizar os apoios de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe para ó alumnado con NEAE, esgotando previamente as medidas ordinarias de

atención á diversidade (asesoramento, pautas familiares,...) antes de utilizar os profesionais anteriormente mencionados.

- Favorecer o desenrolo da acción tutorial e os procesos de prevención e detección de dificultades ou problemas de desenrolo persoal ou de aprendizaxe.
- Orientar as familias en aspectos básicos para a mellora do desenvolvemento e estimulación das potencialidades dos alumnos con NEAE.
- Colaborar cos organismos e institucións, que inflúan no centro, co fin de realizar accións conxuntas para a prevención e acción temperá de alumnos con NEAE.
- Xestionar a Atención á Diversidade dun xeito inclusivo, preventivo e eficaz, utilizando as medidas ordinarias e extraordinarias de modo estruturado e segundo os criterios legislativos (D229/2011 de atención á diversidade) e do Plan Xeral de Atención á Diversidade.
- Celebrar as reunións de Departamento promovendo os principios de colaboración, cooperación, corresponsabilidade e coherencia nas distintas intervencións educativas co profesorado, familias e demais membros da comunidade educativa.
- Propoñer a cooperación entre o centro e as familias.
- Introducir a filosofía inclusiva do aprendizaxe dialóxico e cooperativo na metodoloxía de ensino.
- Reunións de Departamento unha vez ao mes, contempladas na organización do centro, e comunicación continua ao longo da praxis educativa.

A temporalización - Cronograma das actividades desenvolveranse así:

1º Trimestre:

Valoración e seguimento de alumnos/as con NEAE. Mestres e familias

Deseño do plan anual de actividades do DO.

Seguimento e avaliación: período de adaptación e inicial.

Contactos iniciais cos mestres tutores/as e especialistas, así como aquelas familias que sexa preciso.

Establecer e manter contactos e liñas de colaboración con aquelas institucións do contorno que sexa necesario: servizos sociais, sanitarios, terapéuticos, ...

Coordinación PT e AL: diseño de intervencions.

Participar nas sesións de avaliación.

Actualización da dotación do departamento.

Realización de avaliacións psicopedagóxicas segundo o criterio establecido nos casos que sexa necesaria.

Coordinación co EOE nos casos que sexa preciso.

Tramitación becas NEAE do MEC.

Participación na CCP.

Aplicación do PXAD.

2º Trimestre:

Tódalas anteriores, e engadimos:

Revisión de documentación do D.O.

3º Trimestre.

Tódalas anteriores e engadimos:

Memoria do departamento de orientación.

Elaboración dos informes de etapa e finais do alumnado que foi obxecto de avaliación e intervención psicopedagóxica ó longo da escolarización na nosa escola.

Redacción da memoria final de curso do D.O.

Avaliación do Plan Anual de Actividades do Departamento de Orientación.

6.- ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

Vanse levar a cabo por parte deste Departamento de Orientación, as seguintes estratexias de intervención:

- Establecer metas claras, obxetivos e expectativas.
- Valorar as necesidades, capacidades e recursos cos que contamos.
- Avaliar as prácticas de ensinanza-aprendizaxe que se están a producir.
- Seleccionar e deseñar novas prácticas.
- Presentar actitudes favorables ao cambio.
- Localizar recursos e proporcionar materiais.

Traballaremos a partir dun clima de cooperación, polo que propoñemos unha dinámica de traballo en equipo para que no marco de colaboración e cooperación estén presididas as nosas actividades.

Durante o curso escolar poderíanse realizar as seguintes tarefas:

- Propoñer actividades de formación á comunidade educativa.
- Facilitar apoio na resolución de conflitos.
- Avaliar os resultados que se consigan.
- Favorecer a atención temperá e prevención de dificultades de desenvolvemento que se poidan dar no alumnado.

7.- RECURSOS

Os recursos que se empregarán para a posta en marcha das diversas actividades serán de dous tipos: os propios do centro e os externos, que á súa vez se agrupan en:

- **Recursos Humanos:** mestras/es, profesorado das especialidades, departamento de orientación (constituído por unha orientadora, dúas especialistas en PT (unha a tempo completo e unha compartida) e AL (compartida), unha coidadora (a tempo completo), equipo de orientación específico..., que forman parte do proceso de ensino-aprendizaxe, así como todo o persoal alleo ao centro (pediatra, logopeda, traballador/a social, entre outros) que poidan asesoran e mellorar a calidade da aprendizaxe.
- **Recursos materias:** Proxecto Educativo, escalas de observación, probas psicopedagóxicas e test estandarizados, mobiliario e material adaptado, programas informáticos, manuais, dípticos/trípticos, follos de rexistro, material de reforzo, bibliografía específica, audiovisuais, bibliotecas, deportivo, informático, entre outros.
- **Recursos ambientais:** O centro conta con un ascensor, achegas de material adaptado ao alumnado con diversidade funcional, coa adquisición de: tablets, encerados dixitais,... No apartado de instalacións inclúese a necesidade de mellorar o sanitario existente (acceso, lavabo adaptado, etc.).

8.- PROCESO DE SEGUIMIENTO, AVALIACION E MELLORA DO PLAN

Durante o curso escolar levarase a cabo un seguimento e avaliación continua da actividade orientadora, tendo en conta todo aquilo que se acorde nas reunións que se vaian realizando a través do ano.

Partiremos do indicado no POA e PXAD sobre a avaliación do D.O. a final de cada trimestre, avaliando o mesmo segundo o acordado na elaboración e aprobación dos anteditos plans. Partiremos dunha concepción da avaliación continua, (auto)formativa, democrática, individualizada e que pretende mellorar a situación do alumno.

Os alumnos con NEAE serán avaliados tendo en conta as súas interaccións cos contidos e materias da aprendizaxe, co profesorado e cos compañeiros de aula, no contexto escolar e coa súa familia.

Deben ser considerados ademais dos acordos que se tomen nas reunións, a autoavaliación do propio traballo, así como o grao de satisfacción dos participantes e da comunidade educativa, en xeral.

Reflectirase unha **memoria final** coas seguintes indicacións:

- Nivel de consecución dos obxectivos.
- Determinación do alumnado obxecto de intervención ó longo do curso e medidas adoptadas.
- Observación as necesidades atopadas e as modificacións que foi preciso introducir.
- Medición da satisfacción da comunidade educativa.
- Propoñer accións de mellora concretas e realistas.

9.- CONCLUSIÓN

Neste plan de actividades pretendemos dar un enfoque comprensivo ó feito educativo cumprindo dende a acción orientadora e educativa principios que se resaltan na LOE (2006) e se referendan na LOMCE(2013) coma flexibilidade, adaptándonos as características dos individuos e partindo dos seus coñecementos e saberes, funcionalidade, de xeito que poidan aplicar o que saben á vida diaria, cooperación e comunicación entre tódolos axentes que interveñen nos procesos de ensino – aprendizaxe. Terase en conta, os cambios da lei 3/2020 A inclusión de tódolos alumnos/as, debe ser o ideal a perseguir polo docente, tanto na escola coma na sociedade (Coll, 2003).

ANEXO II

Plan Lingüístico de Centro

PLANIFICACIÓN SOCILINGÜÍSTICA DO CENTRO

A/ INTRODUCCIÓN

Como ben se reflicte no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, as linguas constitúen un elemento básico de identidade cultural e representan un valor fundamental de cohesión dunha comunidade. O Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 5, define o galego como lingua propia de Galicia e dispón que os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e que todos teñen o dereito de coñecelos e usalos. No CEIP Plurilingüe O Ramo, viñamos traballando cun Plan de Normalización Lingüística que foi aprobado no curso 2011 e que contribuíu positivamente a normalizar e regular o uso do galego no ensino a pesares de atoparnos nun entorno castelán falante.

B/ CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO

B.1 Localización e situación do colexio.

No centro, se veñen tomando acordos e poñendo en práctica actuacións encamiñadas á galeguización: actas de claustro, convocatorias, comunicados... Foi dos primeiros centros, nos que se introduciron clases en galego e unha serie de actividades, tendentes a difundir os valores da nosa lingua e cultura, entre o alumnado e as familias: visitas escolares, conferencias, encontros con escritores... Na actualidade seguimos a traballar na mesma liña, potenciando por todos os medios, o emprego e fomento do uso da lingua galega.


Situación lingüística actual.

A continuación faremos unha *análise* dos datos recollidos nas *enquisas* que o *Equipo de Dinamización da Lingua Galega* realizou ás familias (*MODELO ENQUISA ANEXO 1*)

A participación non foi total. Das familias que formaban parte do centro foron 67 as


que contestaron á enquisa, polo tanto o análise fíxose da mostra recollida.

CAL É A LINGUA MATERNA DO/A VOSO/A FILLO/A?




Claramente observamos o predominio do castelán por encima do galego tanto como única lingua, como lingua predominante.

EN QUE LINGUA APRENDEU A FALAR O/A SEU/SÚA FILLO/A?




Nesta gráfica observamos a ínfima porcentaxe de nenos/as galego falantes que atopamos neste centro. Un lixeiro cambio con respecto á anterior o cal nos fai supor a perda da lingua galega có paso dos anos.

EN QUE LINGUA SE FALA HABITUALMENTE NA VOSA CASA?




A pesares de que nos atopámonos ante un entorno maioritariamente castelán falante, un número significativo de familias consideran enriquecedor o feito de ser un centro plurilingüe e valoran a adquisición do galego como algo positivo

CAL É A LINGUA HABITUAL DOS AVÓS?



CAL É A LINGUA HABITUAL DOS PAIS?



Observando estas dúas gráficas podemos claramente destacar a diferenza entre ambas xeracións. Mentres os avós e as avoas dunha clara maioría das familias, fala en galego ou é a súa lingua predominante, a situacións dos seus fillos e fillas, e dicir dos pais e nais do noso colexio é bastante distinto, sendo o castelán a lingua predominante o cal tamén vese claramente nos seus fillos e fillas. Este dato pode ser motivo da perda lingüística dada o contexto e sociedade na que nos desenvolvemos. Ademais os medios de comunicación e novas tecnoloxías aplican claramente o idioma castelán como lingua vehicular o cal nos fai entender que sexa a lingua afianzada no noso contexto e sociedade.

C/ MARCO LEGAL

O presente documento baséase na normativa vixente, tendo como principais referentes legais os que seguen:

Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística.

Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia

Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. No curso 2015/2016 deixa de estar en vigor o D. 130/2007.

Instrución para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, tras os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre este tema.

D/OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACTUACIÓN

D.1 Obxectivos xerais:

- Fomentar o uso da lingua galega en todas as actividades do centro coa participación de todos os membros da comunidade educativa.
- Potenciar a presenza no ensino da realidade, cultura, historia, xeografía, economía, etnografía, lingua, arte e folclore galegos.
- Traballar cara a consecución dunha boa competencia nas dúas linguas oficiais.
- Reforzar a dimensión comunicativa da lingua inglesa xa que o centro desde o curso 2015/2016 pasou a ser centro plurilingüe (Orde do 16 de setembro de 2015) .
- Valorar a lingua inglesa como instrumento de transmisión e construción de coñecementos.

D.2 Obxectivos específicos:

- Promover a lectura, fala, comprensión e escritura na lingua propia da nosa Comunidade.
- Seguir promovendo a escrita en galego en todas as comunicacións que saian do centro, así como toda a documentación empregada a nivel interno.
- Manter informada á comunidade educativa de acontecementos vinculados coa cultura galega na zona: exposicións, festexos, revistas , concursos...
- Dotar ao centro dos materiais curriculares axeitados para o coñecemento da lingua e cultura galegas.

- Facilitar a asistencia ao colexio de ilustradores, escritores, contacontos, grupos teatrais e de música tradicional, ou persoeiros relevantes da vida pública, que promovan a lingua e cultura galegas.
- Dotar á biblioteca e ás aulas de materiais informáticos e audiovisuais en galego, e promover o seu uso.
- Fomentar o uso das TICs empregando o galego.
- Potenciar a valoración positiva do uso do idioma galego por parte de todos os membros da comunidade educativa.
- Posibilitar a integración do alumnado que non posúa coñecemento suficiente da lingua predominante, atendendo á inmersión lingüística do alumnado inmigrante se o houber.
- Manter e promover relacións abertas co concello, asociacións veciñais, ANPA e outros Equipos de Dinamización da Lingua Galega.
- Potenciar a visión dos Equipos de Dinamización da Lingua Galega como órgano de coordinación docente e dar visibilidade explícita ás súas actuacións.
- Informar e implicar ás familias no proceso dinamizador e normalizador.
- Promover as festas tradicionais galegas.
- Promover o coñecemento da contorna inmediata: características do medio natural, historia, arte, xeografía

D.3 Liñas de actuación:

- Continuar redactando en galego todos os documentos, notas de prensa, comunicados, etc. de carácter oficial e os derivados dos diferentes cargos e funcións que desempeñen os membros da comunidade educativa.
- Continuar redactando en galego boletíns de notas, actas, convocatorias de reunións etc.
- Comunicación oral directa ou telefónica en galego con calquera interlocutor desta Comunidade Autónoma.
- Non haberá áreas vedadas ao ensino en galego, tendo en conta que unha lingua normalizada pode ser vehículo de expresión de calquera concepto científico, artístico, técnico, etc. (Agás as especificadas no Decreto 79/2010)
- Apoio coa A.N.P.A. en todas aquelas actividades que favorezan este proceso.
- Celebración de festas tradicionais (Magostos, Entroido, Maíos), Letras Galegas e outras actividades que revalbricen a nosa cultura.
- Continuar desenvolvendo as actividades extraescolares en galego, en canto favorecen o coñecemento do medio, a intercomunicación oral e a relación da

escola co entorno.

- O EDLG avaliará dun xeito obxectivo a progresión en todos os ámbitos de aplicación deste plan.
- En principio exercerá este labor avaliador mediante observación directa, entrevistas, enquisas, etc.
- As clases de lingua galega terán unha ampla compoñente oral e lúdica para favorecer a superación do complexo diglósico, primando a expresión sobre o gramaticalismo.
- O ambiente distendido e a provocación da expresión oral debe estar presente en todas as clases que se impartan en galego polos motivos anteditos.

D.4 Liñas de actuación enfocadas á educación infantil:

- Atención ao alumnado en función da súa lingua de expresión máis frecuente.
- Potenciación da lingua desfavorecida (normalmente o galego) nas secuencias formativas, de ocio, lúdicas e afectivas.
- Intervencións orientadas á corrección de complexos que dificultan o dominio expresivo do galego.
- Potenciar o uso da lingua galega mediante os proxectos de aula, proxectos de centro, e todas as actividades que proveñan do equipo de dinamización da lingua galega e outras dinamizacións.

D.5 Liñas de actuación enfocadas á etapa da educación primaria:

- Potenciación de actitudes que favorezan a superación de complexos psicolóxicos que dificultan a progresión no dominio da lingua galega.
- Consideración do importante papel exemplificante do profesorado dentro e fóra da aula.
- Iniciación e progresión na lecto-escritura en galego.

- Desenvolvemento das diferentes áreas na lingua establecida no Decreto 79/2010.
- Atención específica ao dominio oral.
- Desenvolvemento xeneralizado en galego da comunicación coloquial.

E/ LINGUAS EMPREGADAS NAS DISTINTAS ÁREAS DO ENSINO

Ed. Infantil:

Aplicando o **Decreto 79/2010, do 20 de maio**, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia e baixo a súa premisa, respectaremos a lingua materna do alumnado na educación infantil onde en 3 anos pasaráselles unha enquisa ás familias na entrevista previa á escolarización, onde indicarán dita lingua. De todos os xeitos o aprendizaxe equitativo de ambas será responsabilidade da titora ou titor de ditos niveis, empregando a linguaxe que crea conveniente en función das áreas a tratar.

Ed. Primaria:

